



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de outubro de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil vinte, en segunda convocatoria, e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez, por ausencia da titular da Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(866).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 16 de outubro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(867).- RECOÑECIMENTO DO DEREITO DE AURORA, PILAR Y ANA SL A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS COMO CONSECUENCIA DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ATALAIA-TEIS. EXPTE. 6463/241.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/10/2020, asinado pola xefa do servizo de Contratación e o concelleiro-delegado de Área (RA 05/10/2020), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL) acordou:

“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de execución do contrato de xestión da escola infantil municipal Atalaia-Teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.

2º.- A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”

Segundo.- O 15 de maio de 2020, AURORA, PILAR Y ANA, S.L. (empresa adxudicataria do contrato de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo (documento número 200057859) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 16 de marzo ao 30 de abril. Complementa esta solicitude coa presentación de nova documentación en datas 18 e 19 de xuño de 2020 (documentos 200109049 e 20019694).

Terceiro.- En data 12 de xuño de 2020, AURORA, PILAR Y ANA, S.L., achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (documento número 200105375) escrito de solicitude de abono a conta da indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 1 ao 31 de maio de 2020.

Cuarto.- En data 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local acordou:

“Reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS (EXPEDIENTE 17.066/332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro”.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Recoñecer o dereito de AURORA, PILAR Y ANA SL a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332),

declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020 (data na que se reanuda o servizo) , polos seguintes importes:

- 20.183,63 euros para o período 16 de marzo a 30 de abril de 2020, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:
 - Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato: 19.707,18 euros
 - Gastos por mantemento da garantía definitiva: 152,16 euros
 - Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 324,29 euros

Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	20.183,63	202000003276

- 13.402,83 euros para o período 1 ao 31 de maio de 2020, o cal se desagrega nos seguintes conceptos:
 - Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato: 13.085,20 euros
 - Gastos por mantemento da garantía definitiva: 101,44 euros
 - Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 216,19 euros

Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	13.402,83	202000003276

Sexto.- En data 8 de setembro de 2020, Aurora, Pilar y Ana SL (empresa adjudicataria do contrato vixente para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (doc 200161431) polo período **comprendido entre o 1 o 16 de xullo de 2020**, con motivo da suspensión do contrato de xestión da EIM Atalaia-Teis, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo.

Setimo.- En data 29 de setembro de 2020, Aurora, Pilar y Ana SL (empresa adjudicataria do contrato vixente para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (docs 200176512 e 200176542) polo



Concello de Vigo

periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 16 de xullo de 2020, con motivo da suspensión do contrato de xestión da EIM Atalaia-Teis, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo

Octavo.- En data 30 de setembro de 2020, o técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación informan o seguinte:

“Con data 29 de setembro de 2020, Aurora, Pilar y Ana SL (empresa adxudicataria do contrato vixente para a xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis) presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (docs 200176512 e 200176542) polo **periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 16 de xullo de 2020**, con motivo da suspensión do contrato de xestión da EIM Atalaia-Teis, segundo o RD 8/2020 de 17 de marzo.

En relación ao solicitado:

- 1º) A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:
 - i. Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal Atalaia-Teis (expediente 17066-332) formalizado con Aurora, Pilar y Ana SL como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 (expediente de suspensión 6463-241).
 - ii. A suspensión total terá efectos desde o día 16 de marzo de 2020, que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.
- 2º) O "Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:

"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:

- 1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.*
- 2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.*
- 3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al período de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.*
- 4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.*

3º) A Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2020 adoptou o acordo de "reanudar a execución parcial do contrato de servizos para a xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332) o 17 de xullo de 2020, con excepción das prestacións relativas a alimentación, coidado e hixiene dos nenos, que se reanudarán o día 1 de setembro".

4º) Na solicitude de indemnización, Aurora, Pilar y Ana SL adxunta documentación acreditativa de pago polos seguintes conceptos: Gastos salariais (das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, tal e como indicaran na comunicación de suspensión de contrato de data 01/04/2020), Mantemento da Garantía definitiva e Pólizas de Seguro, relativos ao periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 16 de xullo de 2020 (un mes e medio).

Presentan asimesmo solicitude de indemnización polo concepto de Alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos, relativos ao periodo de suspensión do contrato. En relación aos conceptos alegados neste apartado (Servizo de Prevención contratado pola empresa adxudicataria e IAE deste periodo), para o funcionario que subscribe non está clara a súa adecuación ao tipo de custo do que se trata neste apartado, polo que este aspecto non se terá en conta, a expensas de mellor criterio.

Unha vez analizada a documentación aportada, coa que o funcionario que subscribe, responsable técnico dos contratos, manifesta a súa conformidade (coas excepcións indicadas no parágrafo anterior), procede unha **indemnización a Aurora, Pilar y Ana SL**, pola suspensión do contrato para a xestión da **Escola infantil municipal Atalaia-Teis** durante o periodo comprendido entre o **1/06 ao 16/07/2020**, polos seguintes importes:

Expte 17.066/332, Lote 3 (EIM ATALAIA-TEIS)

Gastos salariais:

Do 01/06/20 ao 30/06/20: 11.729,20€

Do 01/07/20 ao 16/07/20: 6.321,06€

Mantemento Garantía: 152,16€

Pólizas de seguros: 324,27€

Total: 18.526,69€

4º) Estas cantidades aplicaranse aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	18.526,69	202000003276

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19



Concello de Vigo

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

PROCEDIMIENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuizos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutra contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, de conformidade co artigo 21.3 da LPAC. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitudes de abonos parciais do período do 1 de xuño a 16 de xullo de 2020.

A lei permite ao órgano de contratación esixir para efectuar o anticipo que este se asegure mediante calquera das formas de garantía previstas na LCSP. Máis esta Administración opta por non esixir estas garantías.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execu-



Concello de Vigo

ción do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332) formalizado con AURORA, PILAR Y ANA, S.L., que foi declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 16 de marzo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020 (data na que se reanuda o servizo) polos seguintes importes:

- 18.526,69 euros para o período 1 de xuño a 16 de xullo de 2020

-III-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

“1º.- Recoñecer o dereito de AURORA, PILAR Y ANA SL a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de xestión da Escola infantil municipal de Atalaia-Teis (expediente 17.066-332), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 1 de marzo de 2020 ata o 17 de xullo de 2020 (data na que se reanuda o servizo), polos seguintes importes:

- 18.526,69 euros para o período 1 de xuño a 16 de xullo de 2020, o cal se desgrega nos seguintes conceptos:
 - *Gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato: 18.050,26 euros (do 01/06/20 ao 30/06/20: 11.729,20€ e do 01/07/20 ao 16/07/20: 6.321,06€)*
 - *Gastos por mantemento da garantía definitiva: 152,16€ euros*
 - *Gastos correspondentes ás pólizas de seguro previstas no prego e vinculadas ao obxecto do contrato vixentes no momento da suspensión do contrato: 324,27 euros*

Esta cantidade aplicarase aos créditos comprometidos contabilizados co número de operación que se indica a continuación:

Escola	Nº expediente	Importe	Operación contable (nº AD)
EIM Atalaia-Teis	17066-332	18.526,69	202000003276

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(868).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 197921/301.

Dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020 asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar(PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 2 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 7 de xullo de 2020, publicouse o anuncio de licitación deste procedemento no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, o cal rematou o 3 de agosto de 2020.

Terceiro.- Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

- CLECE, SA
- FEPAS
- SACYR SOCIAL, SL
- SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, SLU
- ATENDO CALIDADE, SL

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordos da mesa de contratación de 6 e 13 de agosto de 2020.

Cuarto.- En data 14 de setembro de 2020, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.	97,00 puntos
2	CLECE, S.A.	88,81 puntos
3	FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS)	81,03 puntos
4	SACYR SOCIAL, S.L.	75,67 puntos
5	ATENDO CALIDADE, S.L.	54,90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (*“as empresas licitadoras deberán estar inscritas necesariamente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia”*).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Quinto.- En data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.
- b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Sexto.- En data 17 de setembro de 2020, **CLECE, S.A.**, solicitou acceso ao expediente. O día 21 o servizo de Contratación comunicoulle a data de acceso, e advertiulle da circunstancia de que algún dos documentos contidos no expediente foron declarados como confidenciais polos licitadores. O día 23 a empresa tivo acceso ao expediente, con exclusión das partes declaradas confidenciais.

Sétimo.- En data 14 de outubro de 2020, **D. Alberto Dominguez Crispín**, en nome da mercantil, **CLECE, S.A.** (en adiante, **CLECE** ou o recorrente), mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación do contrato que nos ocupa.

Oitavo.- En data 15 de outubro, unha vez recibido o recurso, o servizo de Contratación puxo a disposición do recorrente un acceso dixital ó expediente a través de owncloud do Concello de Vigo unicamente con relación ó presuposto desglosado do servizo, constando o acceso o mesmo día.



Concello de Vigo

Noveno.- En data 19 de outubro de 2020, o xefe da área de Benestar Social, emite informe sobre as alegacións formuladas por CLECE neste recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación do procedemento aberto do servizo de axuda no fogar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de



Concello de Vigo

continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpe as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubitable que ASEJA, na súa cualidade de organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados, as empresas de xardinería, posúe lexitimación activa.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.

- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra a adjudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.

O recurso foi interposto no rexistro xeral do TACGAL en data 14 de outubro de 2020. Dado que o acordo de adjudicación foi notificado ó recorrente o día, e publicado no perfil de contratante o mesmo día, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O escrito presentado por CLECE contén as seguintes alegacións:



Concello de Vigo

- A primeira alegación versa sobre a procedencia do recurso, cuestión xa examinada no fundamento xurídico anterior.
- A segunda alegación pon de manifesto a solicitude de vista do expediente formulada polo recorrente e a resposta desta Administración a mesma, polo que non é necesario responderla por canto trátase unicamente de información.
- A insuficiencia do acceso permitido ó recorrente ó expediente, o que considera que lle causa indefensión ó non permitirlle formular un recurso eficaz (alegación 3ª).
- O incumprimento pola adxudicataria de determinados requisitos dos pregos (alegación 4ª).
- O informe de valoración do sobre B incorre en erro material e aplica formulacións arbitrarias e discriminatorias (alegación 5ª).
- A oferta de SERVISAR non inclúe ningunha previsión, actuación, materiais ou equipos de protección fronte ó COVID-19 (alegación 6ª).

As analizaremos a continuación.

1ª.- Da indefensión do recorrente polo insuficiente acceso ó expediente o que considera que lle causa indefensión ó non permitirlle formular un recurso eficaz (alegación 3ª)

A presente solicitude evacúase no marco dun procedemento de licitación. O solicitante de información pretende que se revise a declaración de confidencialidade dos licitadores para poder ter un maior acceso as súas ofertas.

A confidencialidade no seno dos procedementos de está regulada no artigo 133 da LCSP:

“1. Sin perjuicio de lo dispuesto en la legislación vigente en materia de acceso a la información pública y de las disposiciones contenidas en la presente Ley relativas a la publicidad de la adjudicación y a la información que debe darse a los candidatos y a los licitadores, los órganos de contratación no podrán divulgar la información facilitada por los empresarios que estos hayan designado como confidencial en el momento de presentar su oferta. El carácter de confidencial afecta, entre otros, a los secretos técnicos o comerciales, a los aspectos confidenciales de las ofertas y a cualesquiera otras informaciones cuyo contenido pueda ser utilizado para falsear la competencia, ya sea en ese procedimiento de licitación o en otros posteriores.

El deber de confidencialidad del órgano de contratación así como de sus servicios dependientes no podrá extenderse a todo el contenido de la oferta del adjudicatario ni a todo el contenido de los informes y documentación que, en su caso, genere directa o indirectamente el órgano de contratación en el curso del procedimiento de licitación. Únicamente podrá extenderse a documentos que tengan una difusión restringida, y en ningún caso a documentos que sean públicamente accesibles.

El deber de confidencialidad tampoco podrá impedir la divulgación pública de partes no confidenciales de los contratos celebrados, tales como, en su caso, la liquidación, los plazos finales de ejecución de la obra, las empresas con las que se ha contratado y subcontratado, y, en todo caso, las partes esenciales de la oferta y las modificaciones posteriores del contrato, respetando en todo caso lo dispuesto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal.

2. El contratista deberá respetar el carácter confidencial de aquella información a la que tenga acceso con ocasión de la ejecución del contrato a la que se le hubiese dado el referido carácter en los pliegos o en el contrato, o que por su propia naturaleza deba ser tratada como tal. Este deber se mantendrá durante un plazo de cinco años desde el conocimiento de esa información, salvo que los pliegos o el contrato establezcan un plazo mayor que, en todo caso, deberá ser definido y limitado en el tiempo.”

Se ben un dos principios básicos da contratación pública é o de publicidade e transparencia dos procedementos (artigo 1 da LCSP), o certo e que no eido da confidencialidade das ofertas pugna cos dereitos dos licitadores aos segredos comerciais e, nalgún caso, cos de propiedade intelectual ou industrial. É preciso salvagardar tamén os principios de non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que “Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública”. A definición do concepto legal de información pública contense no artigo 13, que detalla que:

“Se entiende por información pública los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.”

Este dereito poderá ser limitado, consonte ao establecido no artigo 14, entre outros supostos “cuando acceder a la información suponga un perjuicio para (...)

Los intereses económicos y comerciales (1. h)

El secreto profesional y la propiedad intelectual e industrial (1. j)

Se ben aclara que

“2. La aplicación de los límites será justificada y proporcionada a su objeto y finalidad de protección y atenderá a las circunstancias del caso concreto, especialmente a la concurrencia de un interés público o privado superior que justifique el acceso”.

Sentadas estas premisas, cabe analizar se no caso que nos ocupa cabe permitir o acceso a toda ou parte da información. É competencia do órgano de contratación aceptar ou non o carácter confidencial alegado polo contratista, así como determinar a extensión desa confidencialidade cando o acceso a esa documentación sexa solicitado por outros licitadores. A ponderación debe realizarse baixo unha perspectiva que respecte os dereitos de ambos contratistas pero orbitando sobre o interese xeral, nun chamado “test de interese público” tal e como o referiu o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (CTBG), que na resolución do 30.05.2017 (R/0102/2017), alude no seu fundamento xurídico cuarto ó criterio interpretativo CI/002/2015 de 24 de xuño elaborado entre o Consejo e a Axencia Española de Protección dos Datos (AEPD):

“la Administración, después de efectuar dicho test, concluye que se debe denegar la información puesto que el interés económico y comercial del contratista puede verse afectado seriamente al desvelarse procedimientos, rutinas, márgenes comerciales y formas o figuras de ejecución de las prestaciones, cuyo conocimiento puede suponer una disminución de la ventaja que, de forma comercial o industrial y legítimamente, haya adquirido al realizar aquellas tareas.”



Concello de Vigo

Informa sobre esta cuestión o servizo xestor:

"II.1. Acceso á documentación e confidencialidade de parte dos contidos da oferta de SERVISAR:

1) A "Proposición económica" do adxudicatario é pública e á mesma tiveron acceso ós representantes de CLECE, S.A. e dos demais licitadores que asistiron ó acto de apertura do Sobre C). O que cuestiona a recorrente é a declaración de confidencialidade relativa ó "Estudio económico del servicio de ayuda a domicilio del Ayuntamiento de Vigo" achegado por SERVISAR. Entende que o fundamento desa declaración sería inaceptable por xenérico ("Nota: Se hace constar, que el presente informe es confidencial, debido a que contiene información clave del Negocio específica de la Compañía"1) e que tal circunstancia lle tería causado indefensión, pero o certo é que:

a) De acordo co PCAP, o contido do Sobre C) ("Proposición avaliable mediante fórmula") é o indicado no Apdo. 6.B) das FEC. O PCAP (Cláusula 14) esixe unicamente a inclusión dun orzamento xustificado do servizo con descomposición do prezo total a aboar ó Concello, IVE excluído, distribuído nas diversas partidas que o integran.

b) SERVISAR deu cumprimento ó requirido nos Pregos, presentando a súa proposición avaliable mediante fórmula de acordo co modelo establecido naquel Apdo. 6.B) das FEC e co contido fixado no PCAP, non xulgándose en principio excesiva a declaración de confidencialidade referida ós contidos dese "Estudio económico..." sobre o servizo obxecto de contratación que acompañaba á proposición económica, toda vez que no desglose económico inclúense certos datos, como poden ser o beneficio pretendido polo licitador ou o tipo de interese dos seus gastos financeiros, que sí poderían ser considerados como información sensible da empresa, susceptible da declaración de confidencialidade abeirada polo Art. 133 da LCSP.

c) Non é certo que a Cláusula 14 do PCAP prohiba declarar a confidencialidade dese contido concreto da documentación do Sobre C), pois en realidade nada dispón para o efecto, polo que habería que estar ás regras xerais que rexen nesta materia: prohibición de declaracións xenéricas de confidencialidade, xustificación suficiente, busca do equilibrio entre os dereitos e intereses contrapostos das partes, etc.

d) O que sí prevé expresamente esa Cláusula 14 do PCAP é que a Mesa de Contratación poida excluír motivadamente da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida*
- Excedese do orzamento base de licitación*
- Se apartase substancialmente do modelo establecido*
- Comportase erro manifesto no importe da proposición*
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.*

É o caso que ningunha desas circunstancias excluíntes conorrían na oferta de SERVISAR.

Tampouco se xustifica no recurso unha hipotética aplicación incorrecta das fórmulas de valoración previstas no PCAP. A Mesa verificou o cumprimento formal dos requisitos de presentación de todas as proposicións evaluables mediante fórmula do Sobre C) e as puntuacións están referidas, exclusivamente, ás proposicións económicas dos respecti-

vos licitadores (contido non confidencial en ningunha delas), non sendo obxecto desas puntuacións os estudos económicos achegados.

e) En todo caso, chama a atención que CLECE, S.A., que alega aquí "indefensión" pero que tivo acceso á parte non confidencial da proposición de SERVISAR, non formulase xa perante o órgano de contratación municipal unha solicitude para que reconsiderase a declaración de confidencialidade efectuada por este licitador sobre aquel contido concreto do Sobre C) e sobre a mención da súa oferta técnica (Sobre B), relativa á ratio de coordinadoras-usuarios/as á que logo nos referiremos.

É dicir, que CLECE, S.A. puido exercitar plenamente ese dereito pero, polas razóns que sexan, nono fixo, e agora, en vía de recurso, repróchalle ó órgano de contratación que non lle permitise o acceso a eses contidos declarados confidenciais na oferta de SERVISAR e aduce unha (inexistente) indefensión.

f) Lémbrese tamén que quen formula agora reparo á extensión da declaración de confidencialidade da oferta gañadora de SERVISAR é a mesma empresa que declarou como confidencial o 88,57% da súa propia oferta técnica con base nun argumento que, seguindo a lóxica do seu razonamento, debería reputarse tamén xenérico e, polo tanto, igualmente cuestionable como é: "...porque dichos documentos son el resultado del conocimiento de Clece a través de la experiencia y es considerado parte de la propiedad intelectual de la empresa y se trata por tanto de documentación sensible".

Como acertadamente se recolle en numerosos pronunciamentos dos órganos encargados da resolución deste tipo de recursos contractuais (algúns deles invogados pola propia entidade recorrente), resulta de aplicación nesta materia o principio de boa fé e a prohibición de ir contra os actos propios".

Como se pode inducir do exposto polo servizo xestor, non so está xustificada a declaración de confidencialidade do adxudicatario deste procedemento senón que o solicitante obra con mala fe por canto está esixindo algo que non cumpre. Efectivamente, a maior parte da súa oferta técnica esta declarada confidencial. E lembremos que a Administración debe garantir a igualdade de trato entre os licitadores e salvagardar a libre competencia. Parece contrario á mesma que alguén que declara confidencial a maior parte da súa oferta pretenda ver a da empresa gañadora deste procedemento, a priori parece competencia desleal.

Compre por de manifesto, no entanto, que antes de recibir o informe do servizo xestor e a vista do escrito de recurso, o servizo de Contratación procedeu a darlle acceso o recorrente do presuposto desglosado do servizo.

Procede pois propor desestimar esta alegación .

2ª.- O incumprimento pola adxudicataria de determinados requisitos dos pregos (alegación 4ª)

Na cuarta alegación CLECE pon de releve a existencia de incumprimentos:

- O desvelar datos do sobre C na documentación do sobre B.
- O non garantir a compatibilidade do sistema de control horario coa plataforma municipal de xestión do SAF.

Segundo informa o servizo xestor:



Concello de Vigo

“II.3. Inexistente anticipación de contidos propios do Sobre C) na oferta técnica de SERVISAR (Sobre B):

Non ten razón á recorrente cando afirma que a inclusión no informe técnico elaborado para a valoración dos Sobres B) dunha referencia a que na proposición de SERVISAR se contiña unha diminución da ratio actual de coordinadoras-usuarios/as (cuantificada nese informe, non na proposta do licitador, nun 20%) supón unha conculcación da prohibición de desvelar anticipadamente ó órgano de contratación unha información que correspondería en realidade ó Sobre C) “como es el incremento del equipo de coordinación”. A realidade é ben distinta porque:

1) A oferta técnica de SERVISAR, no Apartado I de “Organización general del servicio, funcionamiento y metodología” contén toda unha serie de propostas innovadoras ou de mellora deses aspectos organizativos e de funcionamento do servizo (ata 12 se relacionan no subapartado 1.4, de “Estrategias de intervención”), entre as que se inclúe o incremento da ratio de coordinadoras-usuarios/as, concretándoa en 1 coordinadora por cada 80 usuarios/as (o PPT esixía un mínimo de 1-100).

O que realmente valorouse nesa oferta técnica non foi un incremento da ratio nun 20% senón a mellora que para a organización xeral e o funcionamento do SAF suporía a implementación de todas as propostas de SERVISAR, tendo en conta que, esa en concreto, debería permitir, entre outras cousas:

- Prestar unha mellor e máis intensiva atención ás persoas usuarias, grazas a unha efectiva diminución da carga de traballo.
- Dispoñer en prazo dos seus informes bimestrais debidamente actualizados.
- Obter a actualización anual dos Plans Individualizados de Atención (PIAs) de cada un/unha dos/as usuarios/as, etc.
- Acadar unha mellora xeral do servizo prestado.

2) A mellora establecida no Apdo. 7.B).2 das FEC (Sobre C) non ten que ver con esa proposta técnica de incrementar a ratio de coordinadoras-usuarios, senón que se refire, exclusivamente, ó número de “Axudantes de coordinación” (non do “equipo de coordinación” como se dí no recurso) que os licitadores se comprometen a adscribir ó contrato. A literalidade deste contido do PCAP excusa de maior xustificación ó respecto:

“2.- Melloras: valorarase con ata 10 puntos

- Compromiso de adscribir ao contrato axudantes de coordinación: profesionais de apoio ao persoal de coordinación, tanto na atención telefónica como na xestión de incidencias e no funcionamento do servizo. Deberán contar coa seguinte titulación: Bacharelato ou título de Ciclo Formativo de Grao superior ou equivalente homologado. Valorarase con 2,5 puntos cada axudante de coordinación ofertado (ata o máximo de 10 puntos)”.

En definitiva, a inclusión no Sobre B) da oferta de SERVISAR dunha proposta técnica de mellora da relación coordinadoras-usuarios/as non supuxo anticipación ningunha do contido do Sobre C), no que se valora exclusivamente como mellora o número de “Axudantes de coordinación” ofrecidos polos licitadores e non o “incremento del equipo de coordinación” como afirma erroneamente a representación de CLECE, S.A.

Significar que todos os licitadores comprometéronse nas súas proposicións a adscribir a este contrato a catro (4) “Axudantes de coordinación”, polo que a todas elas concedeu-selles a puntuación máxima prevista (10 puntos).

II.4. Valoración da compatibilidade das plataformas de xestión (Cláusula 9ª PPT) e de posibles alternativas:

É falso que na oferta da adxudicataria se admita a posibilidade de que a súa plataforma de xestión non sexa compatible coa do Concello. Cuestión distinta é que se valore positivamente dela, a maiores, o ofrecemento de alternativas para o caso de que poidan xurdir, como é normal e a mercantil recorrente, na súa condición actual de prestadora do servizo ben coñece, eventuais problemas técnicos que impidan ou dificulten puntualmente o intercambio de información previsto entre esas dúas plataformas informáticas.

Isto é especialmente relevante nun servizo de atención ás persoas en situación de vulnerabilidade como o SAF que conta cun gran volume de usuarios/as (aprox. 1.200 na actualidade), datos e informes que poden complicar o trasvase de información desde o primeiro momento, aínda con ser compatibles as respectivas plataformas.

Tal como se sinala no informe técnico municipal de valoración das ofertas incluídas no Sobre B): “A aplicación informática [de SERVISAR] permitiría automatizar o intercambio de información cos/coas técnicos/as municipais. Tamén ofrece a alternativa de acceso ó seu programa para os/as técnicos/as municipais, facilitando a consulta para o caso de que non exista compatibilidade de intercambio de información. As ferramentas tecnolóxicas semellan adecuadas para a metodoloxía proposta”.

Os técnicos municipais consideraron positivo contar con claves de acceso á aplicación da entidade xa desde o primeiro día do servizo, en tanto se conectan as plataformas e así o trasladaron, razonadamente, ó seu informe”.

En consecuencia, procede, a xuízo da informante, propoñer desestimar esta alegación.

3ª.- O informe de valoración do sobre B incorre en erro material e aplica formulacións arbitrarias e discriminatorias (alegación 5ª)

Esta alegación desglosase en dous:

- a) O recorrente considera que o informe técnico o valora negativamente ó non ofertar unha alternativa en caso de incompatibilidade da súa plataforma de xestión coa ferramenta municipal cando o PPT esixe que ambas sexan plenamente compatibles
- b) A oferta técnica de SERVISAR contén referencias á mercantis distintas

Analizaremos por separado cada unha delas:

a) O recorrente considera que o informe técnico o valora negativamente ó non ofertar unha alternativa en caso de incompatibilidade da súa plataforma de xestión coa ferramenta municipal cando o PPT esixe que ambas sexan plenamente compatibles

Di o servizo xestor sobre esta cuestión que:

“non se observa discriminación ou arbitrariedade ningunha na valoración técnica deste apartado. Da proposta de CLECE, S.A. relativa a este punto, o informe municipal describe que a súa plataforma de xestión “facilitaría o desenvolvemento do servizo de ser compatible coas municipais (non se ofrece alternativa para unha posible incompatibilida-



Concello de Vigo

de)” e as dúas afirmacións (compatibilidade e inexistencia de alternativas) son obxectivamente certas”.

b) A oferta técnica de SERVISAR contén referencias á mercantís distintas

Informa o servizo xestor ó respecto que:

“Denuncia o representante de CLECE, S.A. que na oferta técnica gañadora de SERVISAR se conteñen “referencias constantes a mercantís distintas” e que “los errores e indeterminaciones contenidos en la oferta de la adjudicataria generan tal grado de confusión en cuanto si es ella misma u otras empresas las que van a llevar a cabo la ejecución del servicio que a todas luces debería haber sido, como mínimo, objeto de tacha en el informe de valoración de los Sobres B de las ofertas”.

Este alegato carece de máis mínima consistencia porque:

1) Tal como se pode ler na primeira páxina da oferta técnica da adxudicataria (contido non confidencial): “ServiSAR presenta el siguiente proyecto técnico para la gestión del Servicio de Ayuda a Domicilio del Concello de Vigo, es parte del grupo empresarial en el que se integran algunas de las más importantes empresas del sector de atención a la dependencia, en especial a la atención a personas mayores, personas con discapacidad y personas con enfermedad mental”.

Queda claro que, máis alá de simples referencias a outras empresas do mesmo grupo DOMUSVI, a oferta presentada a este procedemento é, íntegra e exclusivamente, de SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.

2) A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.09.2020 acordou adxudicar o contrato do Servizo de Axuda no Fogar a favor de SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48758890).

Ningunha dúbida ou confusión existe, polo tanto, sobre a identidade da mercantil adxudicataria, nin na oferta desta nin no acordo municipal de adxudicación que é obxecto de recurso”.

Procede pois, ó fío do exposto, propoñer a desestimación da alegación 5ª.

4ª.- A oferta de SERVISAR non inclúe ningunha previsión, actuación, materiais ou equipos de protección fronte ó COVID-19 (alegación 6ª)

Sobre esta cuestión di o informe do servizo xestor:

“Manifesta o representante legal de CLECE, S.A. que: “Resulta cuanto menos sorprendente no haber encontrado en la documentación de la oferta técnica de la adjudicataria a la que esta parte ha podido acceder, ni siquiera en el índice de la misma (...) referencia alguna a las actuaciones que SERVISAR va a llevar a cabo y emplear en el actual escenario sanitario en el que nos encontramos y en el que el COVID-19 supone una modificación ostensible de la forma de prestar un servicio como es el de Ayuda en el Hogar...».

En realidade sorprende máis que un licitador que non puido acceder á maioría do contido da oferta gañadora afirme con toda rotundidade que ésta “no incluye ninguna previsión, actuación, materiales o equipos de protección frente al COVID-19 (...) ni siquiera en el índice de la misma [oferta técnica]”.

Sobre isto debemos aclarar que:

1) A oferta técnica de SERVISAR sí inclúe un apartado específico relativo ós EPIs complementarios necesarios para a realización dos servizos incluídos no SAF na actual situación de pandemia pola COVID-19, con especificación clara do material de protección a empregar: máscaras, luvas, batas/roupa de traballo, proteccións oculares, etc.

2) Ademais, no orzamento desglosado que presentou o adxudicatario (sobre C) existe un epígrafe específico (“2. Gastos actividad y mejoras”) no que se integra o custo do material de protección preciso (“guantes, EPI’s...”); o que, por certo, non sucedía na oferta económica de CLECE, S.A., carente de referencia expresa ningunha a este tipo de custos.

3) A oferta técnica de CLECE, S.A. tampouco incluía no seu índice, dito sexa de paso, referencias á COVID-19, pero sí un apartado específico sobre o tema que, como se reflicte no informe municipal de valoración das ofertas, foi positivamente valorado polas técnicas municipais: “Valórase tamén positivamente a inclusión dun apartado específico sobre a incidencia da COVID-19 na prestación do SAF”.

En calquera caso, a estricta observancia das medidas de seguridade, obrigas e recomendacións prescritas en cada momento polas autoridades competentes fronte á COVID-19 foron e seguirán a ser esixidas polo Concello de Vigo ás súas empresas contratistas, requeríndolles a elaboración de plans de continxencias en materia de riscos laborais e protocolos específicos de actuación como sucedeu, precisamente, con CLECE, S.A. desde o comezo desta situación extraordinaria de alarma sanitaria, con non estar prevista, loxicamente, no contrato suscrito con ela o 19.10.2016”.

Á vista do manifestado polo servizo xestor compre desestimar tamén esta alegación.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de adxudicación deste procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.



Concello de Vigo

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Dado que é a suspensión do procedemento é imperativa en caso de impugnación do acordo de adxudicación esta Administración está conforme coa mesma.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(869).- DAR CONTA DA FUSIÓN POR ABSORCIÓN DE NEA-F3 IBÉRICA S.L. (SOCIEDADE ABSORBENTE) POR DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE S.L. E CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIAL DE NEA-F3 IBÉRICA SL POR SOLITIUM NOROESTE S.L. EXPTE. 7075/113.

Dáse conta do informe-proposta do 14/10/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 19 de febreiro de 2016 adxudicou a DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de impresión (expediente 7075-113).

O contrato formalizouse o 22 de abril de 2016.

Segundo.- Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo (documento nº 200181940) a empresa SOLITIUM NOROESTE SL solicita o cambio de nome no proveedor que emite facturas ao Concello de Vigo do antigo emisor "DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L. a nome do novo emisor de facturas "SOLITIUM NOROESTE, S.L.". Achega escritura de fusión por absorción outorgada ante o notario de Madrid, don Emilio Sanchez-Carpintero Abad o 10 de agosto de 2020 co número 902 do seu protocolo, escritura de cambio de denominación outorgada ante o notario de Madrid, don Emilio Sanchez-Carpintero Abada o 10 de agosto de 2020 co número 905 do seu protocolo e testimonio resumo dos cambios.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 85 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e artigo 98 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público establecen que: *"Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo."*

Segundo.- A competencia para a adopción deste acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP)

Á vista das anteriores consideracións, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar razón da fusión por absorción de NEA-F3 IBÉRICA S.L.U (sociedade absorbente) e DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE S.L (sociedade absorbida) e, polo tanto, a primeira delas subrógase en todos os dereitos e obrigas resultantes do contrato do servizo corporativo de impresión (expediente 7075-113) adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de data 19 de febreiro de 2016.

Segundo.- Tomar razón do cambio de denominación social de NEA-F3 IBÉRICA SL por SOLITIUM NOROESTE SL.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(870).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN COMARCAL CIG DE VIGO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, SERVIZO TÉCNICO DE IGUALDADE E XORNADAS FORMATIVAS DIVERSAS” ANO 2020. EXPTE. 17457/77.

Visto o informe de fiscalización do 9/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego (Resolución 23/10/2020), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en calidade de Secretario Comarcal da Unión Comarcal de Vigo da CIG, solicita, mediante escrito remitido en data 10/07/2020 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento núm. 200123675) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do "Programa Servizo de atención cidadá servizo técnico de igualdade e xornadas formativas diversas", no ano 2020 (documentos núm. 200138862) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do programa, achegando a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 28/07/2020.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 28/07/2020.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 28/07/2020.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable das axudas recibidas para o programa.
- orzamento de gastos do proxecto (01-01-2020 – 30-09-2020)
- memoria do Programa _Servizo de atención cidadá, servizo técnico de igualdade e xornadas formativas.

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 489-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 04/08/2020 o concelleiro delegado de Emprego asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 05/08/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local,co conforme do concelleiro delegado de Cultura e Emprego asinou a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión Comarcal CIG de Vigo” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa "Servizo de atención cidadá_Servizo técnico de igualdade e xornadas formativas diversas", no ano 2020

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2020, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión Comarcal CIG de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2020.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:



Concello de Vigo

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura e Emprego.

Pola outra parte, asinará o convenio don D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da CIG de Vigo, con CIF: G-36706927, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de fe-

breiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio solicitado de 30.366,94 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2020 ao 30/09/2020).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresárase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto



Concello de Vigo

887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Acordar a tramitación do presente procedemento administrativo para a tramitación do “convenio CIG co Concello de Vigo” nº 17457-77.
- 2) Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Unión Comarcal CIG de Vigo, con CIF: G-36706927 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa “Servizo de atención cidadá_Servizo técnico de igualdade e xornadas formativas diversas”, no ano 2020
- 3) Autorizar o gasto de **30.366,94 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2020.
- 4) Facultar ao Concelleiro de Cultura e Emprego, Abel Fermín Losada Álvarez, para asinar o citado convenio.
- 5) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia



Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ UNIÓN COMARCAL DE VIGO DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo) ” PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DE DO PROGRAMA SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ SERVIZO TÉCNICO DE IGUALDADE NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO. (EXPTE. 17457/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil vinte

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en representación da Unión Comarcal da CIG. de Vigo (CIF: G-36706927) e domicilio social na Rúa Gregorio Espino 47- Ent., de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 17457/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecendo reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que de acordo coas resolucións de delegacións de competencias do 17/08/2020, lle corresponden ao concelleiro da área de Cultura e Emprego, entre outras, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio

económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e *moi especialmente nos anos 2014 e 2015 mediante a sinatura de convenios coa UNIÓN COMARCAL CIG DE VIGO*, para o axuda ao financiamento das actividades da entidade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

Ante as novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que provocaron cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais máis significativas no



Concello de Vigo

desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

TERCEIRO: Que a CIG é unha organización sindical maioritaria, en número de representantes sindicais, do seu ámbito territorial, e posúe unha acreditada experiencia no deseño e execución, con éxito, de diversos proxectos en cooperación con entidades e administracións públicas.

Segundo contempla o art. 6 do Título I dos seus Estatutos confederais, é unha organización sindical de traballadores/as galegas, con obxectivos sociais como a profundización democrática e social, o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e o impulso da participación sociopolítica, entre outros.

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da CIG, para colaborar no desenvolvemento de accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego”:

MANIFESTAN

I.- Que a Unión Comarcal de CIG de Vigo, conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 10/07/2020, a través dos documento con número de rexistro de entrada 200123675 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

- ✓ Desenvolver un servizo de atención xeral ao público e realizar diversas xornadas formativas.
- ✓ Reforzar a actividade do servizo técnico de igualdade do sindicato.
- ✓ Servizo de atención cidadá. Atención telefónica solicitude información de eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
- ✓ Servizo técnico de igualdade. Atendido por unha Técnica de Igualdade, centra a súa actividade en tres eixos:
 - Asesoramento, acompañamento, denuncia e mediación de carácter individualizado a mulleres traballadoras, en materia de igualdade oportunidades, acoso sexual ou conciliación.
 - Asesorar e acompañar en materia de negociación colectiva, para a introdución da perspectiva de xénero nos convenios e a elaboración e negociación de plans de igualdade nas empresas.
 - Realizar accións de carácter divulgativos e formativo as persoas representantes do persoal nas empresas en materia de igualdade. Necesidade de reforzar pola crise da COVID-19.
- ✓ Xornadas formativas:
 - O teletraballo. Análise da realidade do teletraballo e explicar os dereitos dos traballadores/as que desenvolven a súa actividade laboral nesa modalidade.

- Expedientes de regulación de emprego. Reforzamiento a nivel formativo dos coñecementos específicos sobre o ERTE, na representación legal do/as traballadores/as.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Unión Comarcal CIG de Vigo, a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión Comarcal de CIG de Vigo entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2020, para o desenvolvemento dun convenio coa CIG para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Unión Comarcal de CIG de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión Comarcal CIG de Vigo, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión Comarcal de CIG de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Desenvolver un servizo de atención cidadá, de información xeral ao público..
2. Reforzar a actividade do servizo técnico de igualdade do sindicato.



Concello de Vigo

- Asesoramento, acompañamento, denuncia e mediación de carácter individualizado a mulleres traballadoras, en materia de igualdade oportunidades, acoso sexual ou conciliación.
 - Asesorar e acompañar en materia de negociación colectiva, para a introdución da perspectiva de xénero nos convenios e a elaboración e negociación de plans de igualdade nas empresas.
 - Realizar accións de carácter divulgativos e formativo as persoas representantes do persoal nas empresas en materia de igualdade. Necesidade de reforzar pola crise da COVID-19.
3. Xornadas formativas:
- O teletraballo. Análise da realidade do teletraballo e explicar os dereitos dos traballadores/as que desenvolven a súa actividade laboral nesa modalidade.
 - Expedientes de regulación de emprego. Reforzamiento a nivel formativo dos coñecementos específicos sobre o ERTE, na representación legal do/as traballadores/as.
4. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Cultura eEmprego, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
5. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
6. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Cultura e Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de CIG de Vigo.

3. Conceder directamente á Unión Comarcal de CIG de Vigo unha subvención por importe de 30.366,94 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, material de oficina e gastos de organización de xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.



Concello de Vigo

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá á conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Décimo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Unión Comarcal da CIG de Vigo* mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **16 de novembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos,

informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>. A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarase, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustifi-



Concello de Vigo

cación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ao 30 de setembro de 2020.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o

emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo sexto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen de-



Concello de Vigo

reito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión Comarcal da CIG de Vigo no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2020.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2020

6(871).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2020”. EXPTE. 17259/77.

Visto o informe de fiscalización do 19/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (RA 23/10/2020) o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego considera un dos seus obxectivos principais o fomento do emprego polo que desenvolve, entre outros, o programa de “Axudas Municipais á Contratación”, para favorecer o estímulo ao empresariado para a contratación das persoas traballadoras do municipio de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 21 de maio de 2020, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Contratación, cunha disposición total de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.06 “Axudas á Contratación” do Estado de Gastos do vixente orzamento do ano 2020 contabilizándose o RC Núm. 201900023600 (segundo informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP núm. 102 do 29 de maio de 2020 e o Extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 105 do 3 de xuño de 2020 e difundidas mediante

unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo. O prazo de presentación de solicitudes rematou o 03/09/2020.

De acordo coa base 4.1 Instrución e tramitación das axudas “... a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.”

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego con data 15/09/2020, conforme ao establecido coa base 4ª, apartado 4.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside, segundo consta incorporado ao expediente.

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas Municipais á Contratación, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e concrétase a contía da axuda a conceder, segundo a base 2ª, apartados a.3. e b.3 Tipos e contías da axuda:

PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (Programa Indefinidos)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD			
1	17372/77	Efimob Efficient Solutions SL	B27805423	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
2	17357/77	Ferreterías Imarví, SL	B94163466	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	63,75%	1.912,50 €	1.912,50 €
3	17360/77	CVD Segur Gestión 12012 SL	B24691362	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
4	17362/77	Patricia Aldrover Roda	*****253B	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	75%	1.875,00 €	1.875,00 €
5	17364/77	José Luis Abril Gómez	*****053S	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
6	17373/77	Grupo Fix S. Coop. Galega	F27862044	Indefinidos	2	(*)	(*)	(*)	(*)	(*)	3.125,00 €	3.125,00 €
8	17374/77	Elige Plus Consultores de Dirección SL	B27832583	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€0	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
9	17379/77	Adrián Ignacio Bonader Juarez	*****227R	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	500,00€	0,00€	75%	2.250,00 €	2.250,00 €
10	17381/77	Bianca Broullón Barreiro	*****576Q	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
11	17382/77	Espacio Príncipe Personal Fitness SL	B27824333	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
12	17383/77	Gestora de Viviendas Turísticas, SL	B27838499	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
13	17385/77	Imper Water Brake SL	B27787019	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
15	17391/77	Ingeniería Gallega de Sistemas Automatizados SL	B36938694	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
16	17393/77	Alma e Coraxe SLL	B27818426	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
19	17406/77	Hello Shops SL	B27829712	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	75%	2.250,00 €	2.250,00 €



Concello de Vigo

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD			
23	17412/77	Gesglobal Noroeste SL	B27710029	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
24	17413/77	Clínica Veterinaria Tartaruga CB	E27791425	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	50%	1.500,00 €	1.500,00 €
25	17414/77	Forox Innovación SL	B27742014	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
30	17424/77	Javier Salgado Barreira	*****064D	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
31	17429/77	Panis Cotidianum SL	B27731181	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
32	17432/77	Arturo Losón Sánchez	*****060E	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	50%	1.500,00 €	1.500,00 €
33	17433/77	Comercial Antonio Costas Fernández SL	B36739233	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
36	17439/77	Solo Saludable SL	B27864909	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
39	17452/77	Gestoría Rodal SL	B36756286	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
41	17454/77	Gestión y Servicios para Espectáculos y Eventos SL	B27837111	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
43	17456/77	Torres y Carrera Consultores de Comunicación SL	B36930097	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
45	17462/77	Pablo Díaz Rodríguez	*****277L	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €	1.875,00 €
46	17528/77	Colegio San Fermín, SL	B36627834	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
47	17473/77	ISSET Electricidad y Telecomunicación SL	B27824952	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
52	17541/77	Ferretería Iturmendi SA	A36643096	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
54	17543/77	Transportes Mafriva SL	B36879021	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
55	17544/77	Paulino Vila SL	B36685485	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
TOTAL											73.787,50€	73.787,50€

(*) Desglose da contía a subvencionar á empresa Grupo Fix SCG(expte. 17373/77) segundo a táboa:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
6	17373/77	Grupo Fix SCG	F27862044	Indefinidos	SPC	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	62,5%	1.562,50 €
		Grupo Fix SCG	F27862044	Indefinidos	GMP	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	62,5%	1.562,50 €
Total											3.125,00 €

PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (Programa Contratacións)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
18	17402/77	Payan Transporte Urgente SL	B27825918	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €	5.000,00 €
20	17408/77	Electronavia Instalaciones y Mantenimiento SL	B36977254	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €	5.000,00 €
21	17409/77	Yolanda Casas Iglesias	****089M	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	50%	2.500,00 €	2.500,00 €
26	17415/77	Xescode Asesores SL	B27881408	Contratación	1	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €	3.400,00 €
28	17419/77	Montajes Eléctricos Galicia SL	B36661023	Contratación	1	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €	3.400,00 €
37	17440/77	A Cova dos Trasnos SL	J27864636	Contratación	1	1.500,00 €	200,00 €	50%	850,00 €	850,00 €
40	17453/77	Iria Prado Comesaña	****033X	Contratación	1	1.500,00 €	200,00 €	50%	850,00 €	850,00 €
42	17455/77	Preisal 66 SL	B01592781	Contratación	8	(*)	(*)	(*)	10.000,00 €	5.212,50 €
TOTAL									31.000,00€	26.212,50€

(*) Desglose da contía a subvencionar á empresa Preisal 66 SL(expte. 17455/77) segundo a taboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda proposta
26	17415/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	FJG	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17408/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	DARC	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17409/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	MCB	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17415/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	ESRS	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17419/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	RLA	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €
	17440/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	EMCB	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €
	17453/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	JLYM	3.000,00 €	0,00€	100%	3.000,00 €
	17455/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	AVP	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €
TOTAL PROPOSTA A CONCEDER (segundo a base 2ª, apdo. b.3 corresponde o límite máximo de 10.000€ de subvención)									10.000,00 €

SOLICITUDES DENEGADAS

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
7	17378/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
14	17387/77	Vialetheia SL	B27818715	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7 Requisitos: a xornada do novo contrato indefinido é inferior á xornada do contrato temporal do que deriva.
17	17399/77	Lanzal Productos del Mar SL	B36983609	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
29	17422/77	Costa Oeste del Atlántico SL	B36946002	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
34	17434/77	Tahona CB	E36659241	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
35	17435/77	La Caña de Bambú SL	B27866508	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a duración do contrato inicial é inferior a 3 meses.
44	17461/77	Ascel Elevación SL	B27763572	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7 Requisitos: a xornada do novo contrato indefinido é inferior á xornada do



Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
					contrato temporal do que deriva.
48	17478/77	Chorro Naval SL	B36655934	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
49	17531/77	Trescé Orientación y Tecnología SL	B94064631	Contratacións	Incumprimento da Base 2. apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de ofertas previas de emprego.
50	17534/77	Tania Carrera Del Río	****858G	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a duración do contrato inicial é inferior a 3 meses.
51	17540/77	La Guardia & Moreira SA	A28080695	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
53	17542/77	Ideas Propias Editorial SL	B36957124	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.

SOLICITANTES QUE DESISTEN DA SOLICITUDE PRESENTADA (ao abeiro da base 2ª, apartados a.6 e b.6)

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado
9	17411/77	Jonatan Álvarez López	****720X	Contratacións
27	17420/77	Ana Jariod Gómez Aller	****356C	Indefinidos
38	17441/77	Tecnomicra Mecanizados SLU	B36990026	Contratacións

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 23.09.2020 e o acta do 08.10.2020 de rectificación do erro na mecanización do dato relativo á xornada laboral na táboa de desglose da contía de subvención da empresa Patricia Aldrover Roda, co número de orde 4, e de rectificación da contía asignada a cada programa de axudas respecto do montante total da subvención conforme co establecido na *Base 9ª. Disposición adicional*, que constan no expediente, se indican as empresas solicitantes destas axudas que cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria por un importe de **100.000,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.06 "Axudas á Contratación", correspondendo 73.787,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) e de 26.212,50€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións).

Segundo á base 9ª. Disposición adicional "O crédito non liberado nalgún dos programas poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa á proposta da comisión de valoración e seguimento", polo que é necesario destinar a cantidade de 1.212,50€ sobrance do P. Indefinidos ao P. Contratacións.

Xa que logo, a contía da axuda a empresa Preisal 66, SL co número de orde 42 correspóndese coa cantidade restante ata esgotar a partida orzamentaria de 26.202,50€ do P. Contratacións.

As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO: Destinar a cantidade de 1.212,50€ procedente do crédito non liberado do Programa Indefinidos para o incremento da cantidade de 25.000,00€ asignada ao Programa Contratacións con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 06 "Axudas á Contratación" para afrontar o pagamento das axudas a conceder.

SEGUNDO: Conceder por un importe de **100.000,00€**, con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.06 "Axudas á Contratación", correspondendo

-73.787,50€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) concedendo as axudas seguintes:

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD			
1	17372/77	Efimob Efficient Solutions SL	B27805423	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
2	17357/77	Ferreterías Imarvi, SL	B94163466	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	63,75%	1.912,50 €	1.912,50 €
3	17360/77	CVD Segur Gestión 12012 SL	B24691362	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
4	17362/77	Patricia Aldrover Roda	****253B	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	75%	1.875,00 €	1.875,00 €



Concello de Vigo

Ord e	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD			
5	17364/77	José Luis Abril Gómez	****053S	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
6	17373/77	Grupo Fix S. Coop. Galega	F27862044	Indefinidos	2	(*)	(*)	(*)	(*)	(*)	3.125,00 €	3.125,00 €
8	17374/77	Elige Plus Consultores de Dirección SL	B27832583	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€0	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
9	17379/77	Adrián Ignacio Bonader Juarez	****227R	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	500,00€	0,00€	75%	2.250,00 €	2.250,00 €
10	17381/77	Bianca Broullón Barreiro	****576Q	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
11	17382/77	Espacio Príncipe Personal Fitness SL	B27824333	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
12	17383/77	Gestora de Viviendas Turísticas, SL	B27838499	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00 €	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
13	17385/77	Imper Water Brake SL	B27787019	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
15	17391/77	Ingeniería Gallega de Sistemas Automatizados SL	B36938694	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
16	17393/77	Alma e Coraxe SLL	B27818426	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
19	17406/77	Hello Shops SL	B27829712	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	75%	2.250,00 €	2.250,00 €
23	17412/77	Gesglobal Noroeste SL	B27710029	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
24	17413/77	Clínica Veterinaria Tartaruga CB	E27791425	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	50%	1.500,00 €	1.500,00 €
25	17414/77	Forox Innovación SL	B27742014	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
30	17424/77	Javier Salgado Barreira	****064D	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
31	17429/77	Panis Cotidianum SL	B27731181	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
32	17432/77	Arturo Losón Sánchez	****060E	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	50%	1.500,00 €	1.500,00 €
33	17433/77	Comercial Antonio Costas Fernández SL	B36739233	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
36	17439/77	Solo Saludable SL	B27864909	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
39	17452/77	Gestoría Rodal SL	B36756286	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	500,00€	0,00€	100%	3.000,00 €	3.000,00 €
41	17454/77	Gestión y Servicios para Espectáculos y Eventos SL	B27837111	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
43	17456/77	Torres y Carrera Consultores de Comunicación SL	B36930097	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
45	17462/77	Pablo Díaz Rodríguez	****277L	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	500,00€	0,00€	75%	1.875,00 €	1.875,00 €
46	17528/77	Colegio San Fermín, SL	B36627834	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
47	17473/77	ISSET Electricidad y Telecomunicación SL	B27824952	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD			
52	17541/77	Ferretería Iturmendi SA	A36643096	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
54	17543/77	Transportes Mafriva SL	B36879021	Indefinidos	1	2.000,00 €	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.000,00 €	2.000,00 €
55	17544/77	Paulino Vila SL	B36685485	Indefinidos	1	2.000,00 €	500,00€	0,00€	0,00€	100%	2.500,00 €	2.500,00 €
TOTAL											73.787,50€	73.787,50€

(*) Desglose da contía a subvencionar á empresa Grupo Fix SCG(expte. 17373/77) segundo a táboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Transform. contrato	Incremento colectivo			Xornada laboral	Axuda a conceder
							Idade	Muller	VVD		
6	17373/77	Grupo Fix SCG	F27862044	Indefinidos	SPC	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	62,5%	1.562,50 €
		Grupo Fix SCG	F27862044	Indefinidos	GMP	2.000,00 €	500,00 €	0,00€	0,00€	62,5%	1.562,50 €
Total											3.125,00 €

–26.212,50€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratación) concedendo as axudas seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Nº traballadores	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
18	17402/77	Payan Transporte Urgente SL	B27825918	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €	5.000,00 €
20	17408/77	Electronavia Instalaciones y Mantenimiento SL	B36977254	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €	5.000,00 €
21	17409/77	Yolanda Casas Iglesias	****089M	Contratación	1	4.500,00 €	500,00€	50%	2.500,00 €	2.500,00 €
26	17415/77	Xescode Asesores SL	B27881408	Contratación	1	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €	3.400,00 €
28	17419/77	Montajes Eléctricos Galicia SL	B36661023	Contratación	1	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €	3.400,00 €
37	17440/77	A Cova dos Trasnos SL	J27864636	Contratación	1	1.500,00 €	200,00 €	50%	850,00 €	850,00 €
40	17453/77	Iria Prado Comesaña	****033X	Contratación	1	1.500,00 €	200,00 €	50%	850,00 €	850,00 €
42	17455/77	Preisal 66 SL	B01592781	Contratación	8	(*)	(*)	(*)	10.000,00 €	5.212,50 €
TOTAL									31.000,00€	26.212,50€

(*) Desglose da contía a subvencionar á empresa Preisal 66 SL(expte. 17455/77) segundo a táboa:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda proposta
26	17415/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	FJG	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17408/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	DARC	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17409/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	MCB	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17415/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	ESRS	3.000,00 €	400,00€	50%	1.700,00 €
	17419/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	RLA	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €
	17440/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	EMCB	3.000,00 €	400,00€	100%	3.400,00 €



Concello de Vigo

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Iniciais traballador/a	Tipo contrato	Incremento colectivo	Xornada laboral	Axuda proposta
	17453/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	JLYM	3.000,00 €	0,00€	100%	3.000,00 €
	17455/77	Preisal 66 SL	B27881408	Contratación	AVP	4.500,00 €	500,00€	100%	5.000,00 €
TOTAL PROPOSTA A CONCEDER (segundo a base 2ª, apdo. b.3 corresponde o límite máximo de 10.000€ de subvención)									10.000,00 €

TERCEIRO: Denegar, por non cumprir os requisitos que se indican a continuación, as solicitudes seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado	Motivo Denegación
7	17378/77	Bosch Service Solutions SAU	A82419748	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
14	17387/77	Vialetheia SL	B27818715	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7 Requisitos: a xornada do novo contrato indefinido é inferior á xornada do contrato temporal do que deriva.
17	17399/77	Lanzal Productos del Mar SL	B36983609	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
29	17422/77	Costa Oeste del Atlántico SL	B36946002	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartados a.1 Beneficiarios e a.2.4 Requisitos: a traballador polo que se solicita a axuda non está empadroadado en Vigo.
34	17434/77	Tahona CB	E36659241	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
35	17435/77	La Caña de Bambú SL	B27866508	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a duración do contrato inicial é inferior a 3 meses.
44	17461/77	Ascel Elevación SL	B27763572	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.2.7 Requisitos: a xornada do novo contrato indefinido é inferior á xornada do contrato temporal do que deriva.
48	17478/77	Chorro Naval SL	B36655934	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
49	17531/77	Trescé Orientación y Tecnología SL	B94064631	Contratacións	Incumprimento da Base 2. apartados b.1 Beneficiarios e b.2.5 Requisitos: pola inexistencia de ofertas previas de emprego.
50	17534/77	Tania Carrera Del Río	****858G	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a duración do contrato inicial é inferior a 3 meses.
51	17540/77	La Guardia & Moreira SA	A28080695	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.
53	17542/77	Ideas Propias Editorial SL	B36957124	Indefinidos	Incumprimento da Base 2. apartado a.1 Beneficiarios: a empresa solicitante non é micropeme.

CUARTO: Aceptar o desestimento, ao abeiro do disposto na base 2ª, apartados a.6 e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento e declarar concluído o procedemento correspondente de conformidade aos artigos 84 e seguintes da LPAC, das solicitudes seguintes:

Orde	Expte.	Solicitante	NIF	Programa solicitado
9	17411/77	Jonatan Álvarez López	****720X	Contratacións
27	17420/77	Ana Jariod Gómez Aller	****356C	Indefinidos
38	17441/77	Tecnomicra Mecanizados SLU	B36990026	Contratacións

QUINTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SEXTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(872).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2020. EXPTE. 9469/320

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá (RA 23/10/2020), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 20/02/2020, Dona Carmen García Garrido (DNI: 3600*****), en calidade de presidenta da “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (CIF: G36745065), achegou escrito (doc. 200029204), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2020, entre 01/10/2019 ata o 30/09/2020, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Carmen García Garrido, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.



Concello de Vigo

III. A “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 22/09/2020
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 22/09/2020
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 22/09/2020
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 04/09/2020

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de

Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTENIMENTO E ALUGUER (01/10/2019-30/09/2020)	
Aluguer local	5.500,00 €
Seguros	190,00 €
Asesoría	480,00 €
Subministros (auga, enerxía eléctrica)	300,00 €
TOTAL	6.470,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2019-30/09/2020)	
Aportacións socios	2.470,00 €
Subvención Concello de Vigo	4.000,00 €
TOTAL	6.470,00 €

8. Anexo consulta / verificación de datos por parte do Concello.

9. Contrato de aluguer.

10. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) có nº 469/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 "Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"", cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

VI. En data 28/04/2020 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 04/09/2020 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” (G36745065), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación desde outubro de 2019 ata setembro de 2020.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””.

Que a entidade “Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.
- ✓ Promover e desenrolar programas de voluntariado social.
- ✓ Promover e desenrolar servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenrolar servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de cuidadores/as.
- ✓ Promover e desenrolar proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenrolar actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.

- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Carmen García Garrido, con DNI 3600*****, en calidade de Presidenta da "Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"" (CIF: G36745065), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 9469/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo,



Concello de Vigo

de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2020) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2019, inclúe expresamente a partida 9240 4890014 “*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” cunha dotación orzamentaria de 4.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á

“Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboaráse logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xuño, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.



Concello de Vigo

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **2 de novembro de 2020**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema

nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por trátase dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.000,00 € (catro mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890014 denominada “*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2020.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” (CIF.- G36745065), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2019 e setembro de 2020, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILLA-GALICIA” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA ANO 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Carmen García Garrido, con DNI 3600*****, en calidade de Presidenta da “*Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia”*” (CIF: G36745065), con domicilio social na

Rúa Colón, 7 – 2º Oficina 5, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 9469/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a mellora da calidade de vida das persoas maiores do termo municipal, sendo a *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* unha das máis importantes asociacións de xubilados/as e pensionistas de Vigo.

III.- Que a entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", de conformidade có art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A análise, debate e difusión das cuestións que afectan as persoas maiores, xubiladas e pensionistas, así como a defensa dos seus dereitos.
- ✓ Promoción, realización e impulso de actividades culturais, artísticas, recreativas, deportivas, asistenciais, socio-comunitarias, lúdicas, de lecer e ocupación do tempo libre.
- ✓ Asesoramento, orientación e formación das persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.
- ✓ Fomento do asociacionismo e das relacións interxeneracionais, mediante o contacto directo con outros colectivos e realización de actividades en común.



Concello de Vigo

- ✓ Promover e desenvolver programas de voluntariado social.
- ✓ Promover e desenvolver servizos sociais, asistenciais, socio-culturais, artísticos, deportivos, de prevención e rehabilitación para unha vida saudable e unha mellor calidade de vida dos asociados/as.
- ✓ Fomento dos proxectos de cooperación internacional o desenvolvemento.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver proxectos relacionados coa posta en marcha de residencias, centros de día, pisos e vivendas tuteladas, atención a respiro familiar, etc.
- ✓ Promover, xestionar e desenvolver servizos de teleasistencia, de atención socio-sanitaria e formación de cuidadores/as.
- ✓ Promover e desenvolver proxectos de investigación relacionados coa problemática das persoas maiores, xubilados, e pensionistas.
- ✓ Promover e desenvolver actividades de preparación a xubilación.
- ✓ Promover a incorporación da asociación os foros e organizacións públicas ou privadas nos eidos local, provincial, autonómico, inter-autonómico, nacional e internacional.
- ✓ Colaborar coa Administración Pública e institucións privadas no desenvolvemento de actividades, programas, proxectos e iniciativas que melloren a calidade de vida das persoas maiores.
- ✓ Calquera outros que acheguen beneficios para o colectivo de persoas maiores, xubilados/as e pensionistas.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 469/96.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2019 e 2020, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e o 30 de setembro de 2020, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada “Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas “Villa Galicia””, nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 4.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir aos gastos de mantemento e aluguer da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2019 ata o 30/09/2020, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2019-30/09/2020)	
Aluguer local	5.500,00 €

Seguros	190,00 €
Asesoría	480,00 €
Subministros (auga, enerxía eléctrica)	300,00 €
TOTAL	6.470,00 €

IX.- Que a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *"Asociación de de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.



Concello de Vigo

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*" unha subvención por importe de 4.000€ (catro mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada "*Convenio Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"*".

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2019 ata o 30/09/2020.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Xubilados e Pensionistas "Villa Galicia"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **2 de novembro de 2020**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do



Concello de Vigo

trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos

gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo,

riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axu-



Concello de Vigo

das para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería Participación Cidadá e Festas, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES93 2080 5130 11 3040009254 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Ci-

dadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



Concello de Vigo

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dgd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2020).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

8(873).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2020 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO). EXPTE. EXPTE.71939/212

Dáse conta do informe-proposta de data 15/10/2020, asinado polo intendente xefe da Policía Local e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31^a das do orzamento vixente, achégase a información relativa aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao terceiro trimestre do ano 2020 (xullo, agosto e setembro), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

ANEXO

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2019 (XULO, AGOSTO E SETEMBRO):

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
70321/212	1320.6290001	SER	Mantemento e mellora cinemómetro Velolaser	Saima Seguridad SA	17/07/20	16/07/20	31/12/20	2.999,59
70472/212	1320.2140000	SER	Reparación e mantemento 8 biccletas Costa e Praia	Redondbike SL	30/07/20	29/07/20	31/12/20	1.200,01
70519/212	1320.2190000	SER	Reparación camara cinemómetro	Tradesegur Sistemas Seguridad Ciudadana	24/07/20	24/07/20	31/12/20	405,35
70582/212	1320.2279901	SER	Cambio titularidade a prol concello de vehículo	Gestoría Rodal SL	03/08/20	29/07/20	31/12/20	220,98
70929/212	1320.2219900	SUB	Mascarillas desbotabeis	Peycar Pontevedra SL	26/08/20	25/08/20	31/12/20	5.088,05
71370/212	1320.6290003	SUB	Bolsas búlgaras entrenamento galería tiro	Comercial Integral Especialista Suministros SL	17/09/20	16/09/20	31/12/20	145,18

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(874).- NOMEAMENTO INTERINO DE OFICIAIS XARDINEIROS E PEÓNS PARA O SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 36071/220.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/10/2020, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 08/06/2020, a adxunta a xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo Xefe da Area de Servizos Xerais e polo Concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, solicita con carácter urxente o nomeamento interino de 3 oficiais xardineiros e 3 operarios peóns, para encargarse das tarefas de mantemento e conservación de zonas verdes, dadas as circunstancias que constan na solicitude que obra no expediente.

II.- En resposta a esta petición, a Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 21/07/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres oficiais xardineiros e tres operarios peóns, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de tres meses e dez días, e que en todo caso non poderá exceder do 31/12/2020, en base as actuais e excepciónais circunstancias que constan na solicitude do Servizo ao ser a mesma indispensable para garantir a prestación do servizo nos termos legalmente establecidos.



Concello de Vigo

III.- Procedese a comprobación das listas de reserva correspondentes á categoría de oficiais xardineiros e de operarios-peón, existindo suficientes candidatos en condicións de ser nomeados.

IV.- Con data de sinatura electrónica, emítase polo técnico de organización e planificación que subscribe informe técnico-económico actualizado, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 234-oficial xardineiro e cód. 158-Operario/peón), da vixente



Concello de Vigo

Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevividas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da adxunta a xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, xefe da área de Servizos Xerais e do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e, a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo técnico de planificación e organización que subscribe, que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de dous meses e medio de 3 oficiais xardineiros e de 3 operarios-peons para o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e tendo en conta que os nomeamentos teñan lugar con data 16 de outubro de 2020, supón un gasto de **39.705,71€**, dos que **29.838,88€**, **corresponden a retribucións**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **9.866,83€** en concepto de **Seguridade Social a cargo da Empresa**.

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do vixente orzamento, que na actualidade conta con saldo suficiente segundo informe técnico-económico que obra no expediente,

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente, verificadas as listas de reserva para as categorías de Operario/a peón e Oficial xardineiro/a, esta última utilizada excepcionalmente ante a imposibilidade de desenvolver un proceso selectivo, dada a situación de Estado de alarma decretado polo Consello de Ministros no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, e sempre a salvo de erro ou omisión, proceden os seguintes chamamentos, todo elo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica:

- Como Oficial xardineiro/a, as seguintes persoas: Cibrán Pintos Da Cunha, con dni nº.: ***2598**, Artur Sanchez Regueira, con dni nº.: ***6067**, e Miguel Saúl Sanmartín Barreiro, con dni nº.: ***1668**.



Concello de Vigo

- Como Operario/a peón, as seguintes persoas: Guillermo Agulla González, con dni nº.: ***5769**, Purificación Bastos Villar, con dni nº.: ***7157**, e Pablo Domínguez Collazo, con dni nº.: ***7236**.

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño dos correspondentes postos.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación e da Sra. concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/201, 26/06/2019 e, 02/09/2019, e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e, 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de seis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, tres deles como **Oficiais xardineiros/as e tres como Operarios/peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de dous meses e medio, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de deportes contidas no escrito do 05/08/2020 e, tendo en conta que o informe técnico económico prevé o comezo da prestación de servizos o 21/09/2020, e consecuencia do anterior, autorizar o gasto total por importe de **39.705,71€**, dos que **29.838,88€**, **corresponden a retribucións**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **9.866,83€** en concepto de **Seguridade Social a cargo da Empresa**, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos, datos estes reflectidos no apartado IV dos fundamentos xurídicos en relación co informe técnico-económico.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de dous meses e medio como **Oficiais xardineiros**, a **D. C. Pintos Da Cunha**, con dni nº.: ***2598**, **D. A. Sanchez Regueira**, con dni nº.: ***6067**, e, **M. S. Sanmartín Barreiro**, con dni nº.: ***1668** e, como **operarios-peóns** a **D. G. Agulla González**, con dni nº.: ***5769**, **D^a. P. Bastos Villar**, con dni nº.: ***7157**, e **D. P. Domínguez Collazo**, con dni nº.: ***7236**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de oficiais xardineiros e, operarios/peóns, que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorra o período máximo de dous meses e medio, dende a data do nomeamento e, que non poderá exceder do 31 de decembro de 2020, nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos cód. 234-Oficial Xardineiro e, 158-Operario/peón, respectivamente, sendo adscritos/as ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, cód. 446, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, a xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(875).- CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA DUN OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, CON CARGO A PRAZA VACANTE, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 36386/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, a Xefa do Servizo de Educación coa conformidade do concelleiro-delegado competente, presentan escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura do posto de traballo Cod. Rtb. 300 "Oficial Instalacións Municipais", subgrupo de titulación C2, persoal laboral, considerando a necesidade urxente da súa cobertura, para o cumprimento da normativa legal vixente.

II.- En data de sinatura electrónica, emítase informe técnico, no que, entre outras circunstancias consta que *"No Servizo de Educación, cód. 332, figuran entre outras, catro prazas vacantes de Oficial de Oficios, asociadas a postos de oficial de instalacións municipais, cód. 300, en situación de vacantes, das que unicamente unha delas está en disposición de ser cuberta interinamente, xa que esta tivo lugar en data 29/12/2019 con data posterior a aprobación da derradeira Oferta de Emprego Público (neste outro caso a OEP-2019, acordo da XGL de 30/08/2019, DOG de 25/09/2019, polo cal dende a referida data se conta con crédito orzamentario que permita a súa cobertura, se legalmente se considerase posible en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL que textualmente di: "No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la Oferta de Empleo Público, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación"*.

III.- En resposta a esta petición do Servizo de Educación, a Concelleira-Delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 23/09/2020 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación que tendo en conta as actuais e excepciónais circunstancias que constan na referida solicitude e sendo indispensable para garantir a prestación do servizo nos termos legalmente establecidos, se proceda á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, dotando ao Servizo dun novo efectivo de dita categoría profesional, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral interino con cargo a praza vacante:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmen-

te un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso a **contratación interina laboral** efectúase en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL que textualmente di: *“No podrá nombrarse personal interino para plazas no incluídas en la Oferta de Empleo Público, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación”*.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo convindo ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

O/a funcionario/a contratado/a interino/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-Oficial de instalacións municipais), adscrito ao Servizo de Educación, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola



Concello de Vigo

Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da xefa do Servizo de Educación solicitando a cobertura da vacante, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta, *“O custo anual dun posto de Oficial de Instalacións para o exercicio 2020 e de 34.149,32€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral), por un importe anual de 24.794,12€ e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa) por un importe anual de 9.355,20€, significando que o **custe máximo anual do presente expediente para o presente ano será de 8.537,33€ (dos que 6.198,53€ corresponden a retribucións e, 2.338,80€ a seguridade social a cargo da Empresa), toda vez hai***

que imputalo a un máximo de 3 meses, toda vez que non estaría en condición de ser nomeado/a ata polo menos o 01 de outubro actual.

...

En conclusión, a praza antes mencionada de Oficial de Instalacións Municipais, atópase vacante, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estaría en disposición de ser cuberta interinamente en réxime laboral e deberá ser incluída na vindeira oferta de emprego público que se aprobe, salvo que procedese a súa amortización.”

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “*Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Instalacións, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*”

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficial Instalacións con cargo a vacante a, E Lugo Prado con dni ***4592**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

O referido efectivo aceptou expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral interina con cargo á praza vacante de oficial de instalacións municipais producida o 29/12/2019, con posterioridade á aprobación da OEP 2019, segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a provisión interina dunha praza de oficial de instalacións municipais, encadrada dentro do persoal laboral, asociada ao posto de traballo da mesma denominación, cód. Retributivo cód. 300-Oficial de instalacións municipais, actualmente vacante producida no Servizo de Educación o pasado día 29 de decembro de 2019, con posterioridade a aprobación da OEP 2019, e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo vixente na actualidade e, en consecuencia autorizar o gasto de



Concello de Vigo

8.537,33€ (dos que 6.198,53€ corresponden a retribucións e, 2.338,80€ a seguridade social a cargo da Empresa).

O custo da dita contratación laboral interina para o exercicio 2020 imputarase con cargo ao programa orzamentario 323.0, partidas orzamentarias: 130.0000 (retribucións persoal laboral) e 160.00.00 Seguridade Social a cargo empresa).

SEGUNDO: Contratar interinamente con cargo á referida praza vacante de oficial de instalacións municipais a E Lugo Prado con dni *****4592****, na súa condición de seguinte aspirante da lista que superou todos os exercicios do proceso selectivo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o interesado se lle formalizará contrato laboral-temporal de interinidade, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 300-oficial de instalacións municipais, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito ao Servizo de Educación, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza de oficial de instalacións municipais, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público no que necesariamente deberá ser incluída esta praza, salvo que polo órgano competente se decida a súa amortización.

CUARTO: A xornada laboral do traballador contratado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante contratado, a Xefa do Servizo de Educación, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(876).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO "REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA ÁREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MÁQUINA DE CLIMATIZACIÓN". EXPTE. 275/441.

Visto o informe xurídico do 06/10/2020 e informe de fiscalización do 15/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/09/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, pola xefa do Servizo de Contratación, o concelleiro-delegado de Fomento, a concelleira-delegada de Contratación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes .

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 28 de Febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo: "Aprobar o proxecto de "REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN", redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS NOVENTA MIL DOUSCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (490.285,89 EUROS) de data febreiro de 2019 e con sinatura dixital de data 13/02/2019.

2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de Decembro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Adxudicar a ORECO, S.A. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparacións de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización" (275-441) por un prezo total de 390.118,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.706,45 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

3º.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 20 de Xaneiro de 2020 resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras ao Enxeñeiro de Edificación D. Aurelio Adán Fernández e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños.

4º.- En data 30 de Xaneiro de 2020 asínase acta de comprobación do replanteo negativa, facendo constar que a obra non pode ser iniciada debido a falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios, a pesar da existencia de dispoñibilidade dos terreos que son conformes aos documentos do proxecto, ás características xeométricas da obra e que o proxecto é viable.

5º.- Con data 29 de Abril de 2020, asinase a acta de comprobación de replanteo dando comezo ás obras, sendo o prazo de execución das obras de 5 meses.

6º.- Con datas 9 e 10 de xuño de 2020, a Dirección facultativa da obra emite informe técnico no que se indica o seguinte:



Concello de Vigo

“(…)

Seguindo o cronograma da obra en cuestión, procedese inicialmente a efectuar o desmontaxe da instalación de climatización e recolocación de intercambiador, previsto na partida 1.02 do presuposto do proxecto.

Unha vez desmontada dita canalización, apreciase que tecnicamente non é posible a súa recolocación no seu estado existente, xa que o illamento interior atopase, xa na maior parte desaparecido, e os restos existentes atópanse fusionados co propio conduto de chapa, o que unido a unha gran cantidade de superficie con alto nivel de oxidación, non permite a reutilización e obriga a súa substitución, xa que do contrario o rendemento do equipo de climatización non reuniría as condicións mínimas necesarias para un funcionamento adecuado.

Asemade no desmontaxe do intercambiador, tamén se aprecia un alto grado de oxidación no seu interior, o que require a necesidade de repoñer elementos non previstos.

Toda esta situación ponse de manifesto no transcurso da obra, ao efectuar o desmontaxe da instalación, non sendo previsible dita circunstancia en fase de redacción do proxecto, tendo en conta o correcto estado exterior da instalación, e sendo os elementos deteriorados os que conforman o interior de dita canalización.”

En consecuencia, a Dirección Facultativa solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de “REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”, coa posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto.

7º.- En base ao anterior, o Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos en data 10 de xuño de 2020 acordou autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “ REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN”, redactado polo Arquitecto Técnico D. Carlos Urdampilleta Barreiro.

8º.- Pola dirección facultativa da obra emítase informe que consta no expediente, de data 11 de agosto de 2020, no seguinte sentido:

“(…)

As circunstancias que determinan o modificado se encontran recollidas no apartado c da cláusula 14 das FEC do PCAP, que rexe a contratación das obras:

- Que no ámbito contiguo exterior ou interior afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas...etc. distintas das recollidas no proxecto.*
- Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, instalacións, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra*

modificacións con posterioridade á data de aprobacións do proxecto.

- *A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta e fachada por aparición das chamadas patoloxías ocultas na estrutura de formigón (por exemplo coqueras ou danos en apoios) non detectadas nos mostraxes da fase de redacción de proxecto.*

Neste sentido, presentase o proxecto modificado nº1, que describe de forma detallada os cambios producidos para adaptar o proxecto vixente á realidade existente, tendo en conta as circunstancias relatadas e de acordo coas circunstancias descritas no PCAP que rexe a contratación das obras.

II.- Modificacións

En relación á xustificación do presente expediente de modificado, débese atender ao artigo 14 das FEC do PCAP, en canto ás causas que prevén a Modificación do contrato.

No seu apartado c) contempla, entre outras:

“Que no ámbito contiguo exterior ou interior afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas...etc. distintas das recollidas no proxecto.

Atendendo o seu apartado 14. B, aspectos a modificar, recolle a posibilidade de modificación en:

“as unidades de obra de demolición e traballos previos, illamento e impermeabilización, albanelería, revestimentos, solados, carpintería, instalación de climatización, instalación eléctrica, iluminación, fontanería e saneamento, seguridade e saúde, xestión de residuos e as unidades de obra relacionadas coa impermeabilización de xardineiras, adaptación e recolocación de escaleiras metálicas e legalización da instalación de climatización”

Nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos do Orzamento de

Proxecto orixinal; todas as modificacións expostas atenden a circunstancias xustificadas coas motivacións do apartado 14.c das FEC. Neste apartado, se indican as modificacións fundamentais contidas no proxecto modificado nº1.

III.- Proposta de variación de unidades do proxecto e redefinición de a

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Indica:

1. *Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.*



Concello de Vigo

2. As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº 1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

IV.- Desglose de modificacións e variacións por capítulos do orza me nto.

Capítulo 1 DEMOLICIÓN E TRABALLOS PREVIOS.

Inclúense as variacións de medicións das unidades existentes no proxecto para axustarse á rea - lidade do ámbito, conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

Ud.	PROYECTO			MODIFICADO			Variación
	Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
DEMOLICIONES Y TRABAJOS PREVIOS							
M2. DESVÍO DE LA INSTALACIÓN DE SALUBRIDAD	1,00	234,30	234,30	1,00	234,30	234,30	0,00
U. DESMONTAJE DE INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN Y RECOL	107,06	36,31	3.887,35	107,06	36,31	3.887,35	0,00
U. DESMONTAJE SPLIT Y UNIDAD EXTERIOR	96,99	113,79	11.036,49	96,99	113,79	11.036,49	0,00
U. DESMONTAJE INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN	115,35	23,33	2.691,12	115,35	23,33	2.691,12	0,00
U. DESMONTAJE ESCALERAS METÁLICAS	85,70	44,08	3.777,66	85,70	44,08	3.777,66	0,00
U. DESMONTAJE RESTO INSTALACIONES TERRAZA	14,00	21,29	298,06	14,00	21,29	298,06	0,00
M2. RETIRADA CARPINT. METÁLICA	84,00	30,76	2.583,84	84,00	30,76	2.583,84	0,00
M2. DEMOLICIÓN ACABADO CUBIERTA PLANA HORMIGÓN	305,00	44,62	13.609,10	350,00	44,62	15.617,00	2.007,90
M. DEMOLICIÓN CAJEADOS DE BAJANTE	100,80	12,21	1.230,77	100,80	12,21	1.230,77	0,00
M. DEMOLICIÓN SANEAMIENTO ENTERRADO	505,80	4,93	2.493,59	612,86	4,93	3.021,40	527,81
M2. LEVANTADO DEPAVIMENTO LAMINADO							
TOTAL CAPITULO			41.842,28			44.377,99	2.535,71

Capítulo 2 ILLAMENTOS E IMPERMEABILIZACIÓN

Inclúense as variacións de medicións das unidades existentes no proxecto para axustarse á rea - lidade do ámbito 242.4i) da LCSP.

Ud.	PROYECTO			MODIFICADO			Variación
	Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
AISLAMIENTO E IMPERMEABILIZACIÓN							
M2. AISLAMIENTO XPS 80 mm PLANA RC500	633,50	18,59	11.776,77	687,50	18,59	12.780,63	1.003,86
M2. IMPERMEABILIZACIÓN BICAPA + GEOTEXTIL 300 gr/m2	730,24	23,94	17.481,95	730,24	23,94	17.481,95	0,00
TOTAL CAPITULO			29.258,72			30.262,58	1.003,86

Capítulo 3 ALBANILERÍA E REVESTIMENTOS

Inclúense as variacións de medicións das unidades existentes no proxecto para axustarse á rea - lidade do ámbito 242.4i) da LCSP.

Ud.

ALBAÑILERÍA Y REVESTIMENTOS

U.	CORTE DE PETO Y JARDINERA						
M2.	SATE SISTEMA AISLAMIENTO TÉRMICO EXTERIOR FACHADAS						
M2.	REVESTIMIENTO EXTERIOR PANEL FENÓLICO MADERA ALTA						
M.	REMATE CHAPA PRELACADA 0,8 mm						
M.	REMATE ALUMINIO ANODIZADO LACADO COLOR a=40 cm						
M.	TAPADO DE ZANJA DE SANEAMIENTO ENTERRADO						
M.	FORRADO BAJANTE LHD 8 cm MORTERO						
M2.	FALSO TECHO REGIST. PYLACÚSTICO LISO 600x600 mm P						
M2.	ENFOSCADO MAESTREADO-FRATASADO CSIII-W1 VERTICAL						
M2.	PINTURA PLÁSTICALISA MATE ESTÁNDAR OBRA BLANCO/CO						

TOTAL CAPITULO

PROYECTO			MODIFICADO			Variación
Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
1,00	234,30	234,30	1,00	234,30	234,30	0,00
107,06	36,31	3.887,35	107,06	36,31	3.887,35	0,00
96,99	113,79	11.036,49	96,99	113,79	11.036,49	0,00
115,35	23,33	2.691,12	115,35	23,33	2.691,12	0,00
85,70	44,08	3.777,66	85,70	44,08	3.777,66	0,00
14,00	21,29	298,06	14,00	21,29	298,06	0,00
84,00	30,76	2.583,84	84,00	30,76	2.583,84	0,00
305,00	44,62	13.609,10	350,00	44,62	15.617,00	2.007,90
100,80	12,21	1.230,77	100,80	12,21	1.230,77	0,00
505,80	4,93	2.493,59	612,86	4,93	3.021,40	527,81
		41.842,28			44.377,99	2.535,71

Capítulo 4 SOLADOS

Inclúense as variacións de medicións das unidades existentes no proxecto para axustarse á rea - lidade do ámbito 242.4i) da LCSP.

Ud.

SOLADOS

M2.	SOLERA HORMIGÓN PULIDO e=15 cm REFORZADO COLOR						
M2.	CÉSPED ARTIFICIAL RESIDENCIAL 15 mm						
M2.	PAVIMENTO LAMINADO DE 3 TABLILLAS 1200x189 mm y E=						

TOTAL CAPITULO

PROYECTO			MODIFICADO			Variación
Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
633,50	38,89	24.636,82	687,50	38,89	26.736,88	2.100,06
100,00	21,37	2.137,00	100,00	21,37	2.137,00	0,00
305,00	21,70	6.618,50	514,11	21,70	11.156,19	4.537,69
		33.392,32			40.030,07	6.637,75

Capítulo 5, CARPINTERÍA

Na previsión inicial da execución da obra propoñíase que ao proceder a reposición de pavimento da terraza, sería necesario a substitución da carpintería existente na entreplanta de acceso a dita terra - za; unha vez comprobada in situ coas rasantes definitivas, tecnicamente considérase non necesaria dita substitución.

Nembargantes na planta baixa, na zona de carpintería exposta ao este, ao comezar a compro - bar as unións da carpintería con recercados externos, apreciase ao comezar a levantar o recercado exterior, que a conexión entre as ventás e os tabiques exteriores atopase en mal estado, o que provoca que tanto a estabilidade das propias ventás, ao dispor de anclaxes en mal estado, así como a súa impermeabilidade cara o exterior, non sexa a adecuada, polo que considerase necesario realizar a súa substitución

Todas as variacións realizadas no "Capítulo 5: Carpintería" atenden as circunstancias recollidas nas FEC.



Concello de Vigo

Ud.

- CARPINTERÍA**
M2. CARPINTERÍA DE ALUMINIO ANODIZADO COLOR BRONCE, EN U.
CARPINTERÍA DE ALUMINIO, ANODIZADO COLOR BRONCE, E Ud.
CARPINTERÍA ALUMINIO, ANODIZADO COLOR BRONCE
TOTAL CAPITULO

PROYECTO			MODIFICADO			Variación
Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
15,00	385,48	5.782,20		385,48	0,00	-5.782,20
8,00	2.025,44	16.203,52	8,00	2.025,44	16.203,52	0,00
0,00	2.025,44	0,00	8,00	2.025,44	16.203,52	16.203,52
		21.985,72			32.407,04	10.421,32

Capítulo 6, INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN:

Tal e como se indicaba no informe da dirección facultativa de datas 9 e 10 de xuño de 2020, unha vez efectuado o desmontase da instalación de climatización, apreciase que tecnicamente non é posible a súa reposición, xa que o seu illamento interior, atopase xa na maior parte desaparecido e os restos que quedaron atópanse fusionados co propio conduto de chapa, o que unido a unha gran cantidade de superficie con alto nivel de oxidación, obriga a súa substitución, xa que do contrario o rendemento do equipo de climatización non reuniría as condicións mínimas necesarias para que o funcionamento fose adecuado.

Asemade no desmontase do intercambiador, tamén se aprecia un alto grado de oxidación no seu interior, o que require a necesidade de repoñer elementos non previstos.

Proponse unha variación en canto ao número de unidades, motivada pola necesidade de substitución do conduto de canalización polos motivos indicados anteriormente, xa que a unidade que recolle a recolocación do equipo de climatización, que incluía ademais do conduto, a bancada, equipo e auxilia -

res, redúcese na parte proporcional correspondente á recolocación do conduto de canalización que é obxecto de substitución.

Todas as variacións realizadas no "Capítulo 6: Instalación de climatización" atenden as circunstancias recollidas nas FEC.

Ud.

- INSTALACIÓN CLIMATIZACIÓN**
U. RECOLOCACIÓN DE INSTALACIÓN DESMONTADA
U. EQUIPO COMPLETO DE CLIMATIZACIÓN
U. CONTROL REMOTO SALA U.
RECOLOCACIÓN SPLIT
TOTAL CAPITULO

PROYECTO			MODIFICADO			Variación
Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
1,00	5.639,04	5.639,04	0,50	5.639,04	2.819,52	-2.819,52
1,00	93.381,63	93.381,63	1,00	93.381,63	93.381,63	0,00
1,00	4.556,87	4.556,87	1,00	4.556,87	4.556,87	0,00
3,00	88,06	264,18	8,00	88,06	704,48	440,30
		103.841,72			101.462,50	-2.379,22

Capítulo 7 INSTALACIÓN ELÉCTRICA E ILUMINACIÓN e Capítulo 8 INSTALACIÓN DE FONTANARÍA E SANEAMIENTO non se prevé ningún tipo de alteración.

Capítulo 9 VARIOS:

No ámbito exterior atópanse unha serie de equipos de climatización, anclados nos

paramentos actuais exteriores a través de elementos metálicos. Toda vez que que foi necesario o desmontaxe dos mesmos co obxecto de proceder a impermeabilización e illamento dos paramentos externos, observase un alto grado de corrosión nos soportes metálicos que sustentan aos equipos, o que require a súa subs - titución, coa finalidade de evitar anclaxes que poidan crear puntos conflictivos de entradas de augas ex - ternas.

Por ditos motivos considerase necesario acometer uns andeis metálicos na zona exterior para a recolocación de ditos equipos naqueles lugares que poidan dar lugar a ditos puntos conflictivos.

Tamén neste orden de situacións, apreciase que a escaleira de servizo que accede cuberta de zona sur, arrancaba inicialmente enriba do conduto de canalización. Debido a súa dimensión, non é posi- ble xerar una base enriba da canalización que se axuste a normativa, polo que e necesario a súa prolon - gación a base de perfilaría metálica, ata o seu anclaxe en espazo aberto. Esta situación prodúcese o efectuar o desmontaxe da instalación, xa que son elementos que conforman a o interior de dita canaliza - ción e non e posible a súa comprobación na fase de redacción de proxecto.

Polo que a necesidade da substitución do conduto de ventilación, a modificación de apoios dos equipos de climatización que é necesario acometer polos motivos anteriormente expostos, así como a prolongación do tiro da escaleira de servizo de acceso a cuberta, fan necesario a modificación da partida de imprevistos do proxecto, e requiren de dúas novas unidades, que como se indica nos prezos descom - postos, calculados en base aos custes unitarios que existen no proxecto:

- Tubaxe de climatización
- Aceiro A42 B para reforma de estrutura

Todas as variacións realizadas no “Capítulo 9: Varios” atenden as circunstancias recollidas nas FEC.

Ud.	PROYECTO			MODIFICADO			Variación
	Medición	Importe	Total	Medición	Importe	Total	
VARIOS							
M. VACIADO, LIMPIEZA E IMPERMEABILIZACIÓN DE JARDINER	21,00	32,52	682,92	21,00	32,52	682,92	0,00
U. ADAPTACIÓN y RECOLOCACIÓN DE ESCALERA METÁLICAS	2,00	445,41	890,82	2,00	445,41	890,82	0,00
U. LEGALIZACIÓN DE LA INSTALACIÓN DE CLIMA	1,00	1.332,84	1.332,84	1,00	1.332,8	1.332,84	0,00
PA. IMPREVISTOS DE OBRA	1,00	40.000,00	40.000,00	0,20	40.000,00	8.000,00	-32.000,00
Tubería Climatizacion							
Kg de Acero A42 B en reforma de estructura							
				345,00	94,70	32.671,98	32.671,98
				112,00	5,01	560,67	560,67
TOTAL CAPITULO			42.906,58			44.139,23	1.232,65

Capítulos 10 SEGURIDADE E SAÚDE e Capítulo 11, XESTIÓN DE RESIDUOS non se prevé ningún tipo de variación.

V.- Ampliación do prazo de ex ec ución

Para a execución das actuacións proxectadas no proxecto modificado Nº1, estimase necesario a ampliación do prazo en un mes.



Concello de Vigo

VI. Conclusións

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº1 das obras de "REPARACIÓN DE FILTRACIÓN NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN" estímase que non supoñen alteración dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público e que as mesmas se encontran contempladas nos ámbitos do definido no apartado 14 b. das FEC, tal como se define no presente informe.

Asemade considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria de leste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se expoñen non alteran as condicións recollidas no PCAP, que rexen a contratación das obras de REPARACIÓN DE FILTRACIÓN NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN.

Para a creación dos prezos contraditorios recolleitos no presente proxecto modificado nº1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto orixinal aprobado, de acordo co artigo 150 do Regulamento Xeral de Contratación do Estado e a Cláusula 60 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais, para a contratación de Obras do Estado.

As modificacións propostas neste expediente en base ao exposto anteriormente, cuantitativa - mente quedan resumidas nas táboas seguintes:

Resumen	PROXECTO		Modificacións		Variacións medicións art. 160 RD 1098/2001
			Diferencia	sg FEC	
Capítulo 1 Demolicións e trab. previos	29.762,35 €	30.123,30 €	360,95 €		360,95 €
Capítulo 2 Aislamentos e Impermeabiliz	29.258,72 €	30.262,58 €	1.003,86 €		1.003,86 €
Capítulo 3 Albanelería e revestimentos	41.842,28 €	44.377,99 €	2.535,71 €		2.535,71 €
Capítulo 4 Solados	33.392,32 €	40.030,07 €	6.637,75 €		6.637,75 €
Capítulo 5 Carpintería	21.985,72 €	32.407,04 €	10.421,32 €	10.421,32 €	
Capítulo 6 Instalación de Climatización	103.841,72 €	101.462,50 €	-2.379,22 €	-2.379,22 €	
Capítulo 7 Instala eléctrica e iluminación	17.959,38 €	17.959,38 €	0,00 €		
Capítulo 8 Instal- fontanería	13.112,05 €	13.112,05 €	0,00 €		
Capítulo 9 Varios	42.906,58 €	44.139,23 €	1.232,65 €	1.232,65 €	
Capítulo 10 Seguridade e saúde	2.000,00 €	2.000,00 €	0,00 €		
Capítulo 11 Xestión residuos	4.438,84 €	4.384,84 €	0,00 €		
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	340.499,96 €	360.312,98 €	19.813,02 €	9.274,75 €	10.538,27 €

GASTOS XERAIS 13%	44.264,99 €	46.840,69 €	2.575,69 €
BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	20.430,00 €	21.618,78 €	1.188,78 €
TOTAL	405.194,95 €	428.772,45 €	23.577,49 €
BAIXA (_20,43052_%)	82.783,30 €	87.600,30 €	4.816,70 €
ORZAMENTO DE CONTRATA (SEN I.V.A.)	322.411,65 €	341.172,14 €	18.760,49 €
IVA IMPUTABLE	67.706,45 €	71.646,15 €	3.939,70 €
IMPORTE LIQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL	390.118,10 €	412.818,29 €	22.700,19 €

	EM	%
Modificacións segundo o art. 14 das FEC	9.274,75	2,72%
Variacións de Medición (artigo 242.4 da LCSP)	10.538,27	3,10%
SUMA	19.813,02	5,82%

En relación ás unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 14 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato non supera as limitacións establecidas no PCAP do contrato, xa que no apartado do 14.d das FEC, límites da modificac

Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 1098/2001, recóllense no presente modificado, as variacións de medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adjudicación do contrato, polo que, se da cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014."

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adjudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adjudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e



Concello de Vigo

condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 31 de outubro de 2019, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- as unidades de obra de demolición e traballos previos, illamento e impermeabilización, albanelería, revestimentos, solados, carpintería, instalación de climatización, instalación eléctrica, iluminación, fontanería e saneamento, seguridade e saúde, xestión de residuos e as unidades de obra relacionadas coa impermeabilización de xardineiras, adaptación e recolocación de escaleiras metálicas e legalización da instalación de climatización.
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito contiguo exterior ou interior afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas...etc. distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, instalacións, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto
 - A redución da seguridade na execución das unidades referentes á cuberta e fachada por aparición das chamadas patoloxías ocultas na estrutura de formigón (por exemplo coqueras ou danos en apoios) non detectadas nos mostraxes da fase de redacción de proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

IV.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran

preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

V.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

VI.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).



Concello de Vigo

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10.06.2020, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara, en data 07.08.2020, consideracións ao mesmo. (Trámite 490 e 491 do expediente dixital)

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste, en data 11.08.2020 respecto á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.(Trámite 489 e 492 do expediente dixital)

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Enxeñeira Técnica Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 13.08.2020.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo

de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3d LCSP)

- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

VIII.- Ampliación do prazo de execución.- O PCAP establece na súa cláusula 26 que o prazo de execución poderá ser prorrogado por causa da modificación do contrato, non podendo exceder da metade do prazo inicial.

O proxecto modificado no anexo nº3 “Plan de Obra” indica que para a execución das actuacións proxectadas no proxecto modificado nº1 se considera necesario a ampliación do prazo en UN MES.

XIX.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 do proxecto de obras de “**REPARACIÓNS DE FILTRACIÓNS NO TEITO DA PLANTA BAIXA DA AREA DE TRIBUTOS E RENOVACIÓN DE MAQUINA DE CLIMATIZACIÓN**” redactado polo Enxeñeiro da Edificación D. Aurelio Adán Fernández e polo Enxeñeiro de Camiños , Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños , cun importe adicional de 19.813,02 € de Orzamento de Execución Material, o que supón un incremento adicional líquido de 22.700,19 €, supoñendo un 2,72 % de modificación sobre o prezo de adjudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 14 das FEC e un 3,10% por variacións de medicións (artigo 242.4 da LCSP), ampliando o prazo de execución das obras en un mes.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320000 a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Instar á mercantil ORECO S.A. adjudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior. As obras afectadas pola modificación non poderán iniciarse mentres non se formalice o contrato modificado.

5º.- Unha vez formalizada a modificación do contrato, instar ao contratista á reanudación das obras no prazo máximo de 10 días hábiles, a contar dende á formalización da modificación.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(877).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN INTEGRAL DO CÉSPEDE DE HERBA NATURAL E DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE O VAO-CORUXO”. EXPTE. 4710/443.

Consta informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 15/10/2020, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 04.03.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto básico e de execución para a renovación integral do céspede de herba natural e da instalación de alumeado do terreo de xogo do Campo Municipal de Fútbol de O Vao, Coruxo a favor da empresa Calderon & Asociados Ingeniería SLP.

II.- A empresa Calderon & Asociados Ingeniería SLP presenta borrador de “Proxecto básico e de execución para a renovación integral do céspede de herba natural e da instalación de alumeado do terreo de xogo do Campo Municipal de Fútbol de O Vao, Coruxo”, redactado por D. Julio Calderón Carrero, Enxeñeiro Forestal, por D. Álvaro Calderón Carrero, Enxeñeiro Industrial e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 09.06.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que na mesma data o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola no campo de fútbol de O Vao, na parroquia de Coruxo, e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, posterior escavación e desbroce do terreo ata a cota indicada no proxecto. Unha vez na cota e coas pendentes definidas efectuaráse a escavación correspondente en gabias co obxecto de instalar tubaxe de drenaxe que conectarán a un colector xeral, coas correspondentes arquetas de conexión, así como tamén estenderáse a canalización para a rede de rego cos mecanismos determinados, así como as canalizacións de alumado, e a colocación de canal drenante de formigón polimero perimetral asentado sobre base de formigón, con rexa superior, e cos correspondentes sumidoiros pezas especiais e conexión a rede.
- Unha vez efectuadas as correspondentes canalizacións soterradas, procederáse nas gabias de drenaxe a verter grava exenta de finos con Ø de 5 e 10 mm, posterior capa básica drenante de 10 cm de espesor coa granulometría indicada para as gabias, posterior capa de arena, e como acabado na zona de cancha, a base de estrato (root zone), segundo as indicación de composición indicadas e coas especies gramíneas

sinaladas, e posterior sembrado de céspede, cos seus correspondentes abonos e tratamentos.

- Posteriormente procederáse a colocación de columnas sobre cimentación profunda prevista, pantallas de alumeado, cableado e con correspondente cadros de distribución, así como o mobiliario indicado para a práctica dos deportes sinalados, tamén prevese no presuposto unha partida valorada para a subsanación da instalación eléctrica existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 120 días.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 09.10.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento, sendo os custes propostos axeitados a valores de mercado.

Polo que a documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con



Concello de Vigo

indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DO TERREO DE XOGO E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE O VAO-CORUXO” subscrito polo Enxeñeiro Forestal Julio Calderón Carrero, polo Enxeñeiro Industrial Alvaro Calderón Carrero e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 Euros) e con data de Agosto de 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Minoración do importe do contrato correspondente a anualidade 2020 do contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de Vías e Obras. Expte. 79713/250
- .- Aprobación da “Addenda núm. 2 ao convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para o financiamento da continuidade nos traballos de re-

dacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo". Expte. 9825/407.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

13(878).- MINORACIÓN DO IMPORTE DO CONTRATO CORRESPONDENTE A ANUALIDADE 2020 DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79713/250

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2020 asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 2/11/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.-L.U. (CIF B-27802503) o contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79713-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; por un prezo total de seiscentos mil euros (600.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de cento catro mil cento trinta e dous euros e vinte e tres céntimos (104.132,23 euros);e unha baixa proporcional única do 18,93% de aplicación a cada un dos prezos unitarios relacionados no anexo do PPT e unha baixa proporcional única do 80,11% a aplicar sobre os produtos e materiais non previstos no cadro de prezos do anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 28/11/2017, consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 29 de novembro de 2.017, e o prazo do contrato de acordo o indicado no apartado 4 das FEC establececese nun prazo de execución de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.



Concello de Vigo

3.- a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2019, acordou aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79713-250), formalizado coa entidade mercantil NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. polo período comprendido desde o 29 de novembro de 2.019 ata o 28 novembro de 2.020.

No devandito acordo estipulouse como importe do contrato para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 28 de novembro de 2.020, o de 272.950,82 euros.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- Con data 14 de outubro o xefe da unidade de mantemento de vías municipais, e o xefe do servizo de vías, obras e infraestruturas, asinan un informe sobre o estado económico do contrato de SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS que indica:

- ▣ obxecto do citado expediente contempla a contratación do subministro de diferentes materias de mestura bituminosa e emulsión asfáltica para o Taller de Vías e Obras, necesario para os traballos que se desenvolven nas obras de mantemento e reparación de vías no termo municipal de Vigo.
- ▣ En relación ao orzamento base de licitación, o adxudicatario unicamente terá dereito ao abono dos subministros realizados dentro do período de vixencia do contrato, os cales dependeran das necesidades reais do servizo de Vías e Obras. O importe máximo do orzamento non supón ningunha obriga para o Concello. De acordo con estas observacións, o PCAAP no apartado 18.c das FEC indica que: “o subministro efectuarse mediante períodos parciais en función das necesidades do servizo”
- ▣ Ao longo deste ano 2020, diversas circunstancias que afectaron aos traballos de mantemento do Taller de Vías e Obras impediron a realización normal dos traballos de asfalto de bacheo, o que repercute directamente no consumo dos materiais subministrados no presente contrato de “Mesturas Bituminosas e Emulsión Asfáltica”. Concretamente a baixa prolongada de varios oficiais pavimentadores do Taller de Vías e Obras, a avaría da pala e o vehículo de bacheo do Parque Móbil Municipal e, sobre todo, a suspensión temporal de traballos debido á pandemia do coronavirus, foron as causas da imposibilidade de manter un consumo normal de emulsiones asfálticas e derivados.
- ▣ Á data da firma deste informe, do importe máximo do orzamento de 272.950,82 € (IVE incluído) destinados ao contrato de referencia para o período 01/01/2020 – 28/11/2020, solo foron consumidos 13.303,10 € (IVE incluído).
- ▣ Por outra banda, dende hoxe ata o final do contrato (28/11/2020), nunha previsión de máximo rendemento dos traballos de asfaltado e bacheo do Taller de Vías e Obras, o consumo en materiais asfálticos e derivados non superará en ningún caso os 8.000,00 € (Ive incluído).

- Como consecuencia do exposto, o técnico que subscribe informa que, ao menos 251.647,72 € (IVE incluído) do importe do orzamento destinado ao contrato referenciado co nº de expediente 79713/250, para o ano 2020 non poderá ser consumido.

A vista do exposto e tendo en conta a condición de execución do contrato en función das necesidades do servizo, e sendo estas as indicadas no informe de execución do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, previo de fiscalización da Intervención xeral a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Reducir a a anualidade do contrato para o ano 2020 en 251.647,72 € (douscentos cincuenta e un mil seiscientos cuarenta e sete euros con setenta e dous céntimos), sobre o crédito dispoñible para esta contrato no ano 2020 de 272.950,82 € (AD2020 00006867) e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria 1532.210.00.00

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(879).- APROBACIÓN DA “ADDENDA NÚM. 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXTINTA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 9825/407

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 16/10/2020, dáse conta do Informe-proposta do 16/10/2020, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, polo xerente de Urbanismo e polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data de 20 de novembro de 2017, asinouuse o convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para o financiamento da continuidade nos traballos de Redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo (acordo previo da Xunta de Goberno Local de 26.10.2017, expediente 9825/407).

O día 19 de decembro de 2018 subscribiuse a addenda núm. 1 ao dito convenio. Na súa cláusula segunda quedou reflectido o financiamento por parte da Xunta de Galicia, coas seguintes anualidades:

Anualidade	Fases de tramitación	Importe
2018	<i>Adxudicación dos traballos de redacción do PXOM e Metodoloxía Xeral Diagnóstico socio-económico PXOM</i>	164.560,00 €
2019	<i>Presentación do borrador para o inicio da avaliación ambiental</i>	205.700,00 €
2020	<i>Aprobación Inicial e Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal</i>	349.690,00 €
2021	<i>Aprobación Definitiva ou Texto Refundido, no seu caso, do PXOM</i>	308.550,00 €
TOTAL FINANCIAMENTO XUNTA DE GALICIA		1.028.500,00 €

Toda vez que o pagamento pola elaboración do borrador para o inicio da avaliación ambiental foi realizado o 24.12.2019 e a solicitude do aboamento do financiamento da Xunta o 30.12.2019, fíxose imposible a súa materialización dentro do exercicio 2019. Desta forma, foi necesario reaxustar as anualidades de 2019 e 2020. Unha vez reunida a comisión de seguimento, o pasado 3 de setembro, propúxose traspasar a anualidade de 2019 ó exercicio 2020, para viabilizar o financiamento da Xunta de Galicia e que fora posible materializar a achega desta Administración.

Esta variación no exercicio imputable ós orzamentos autonómicos non supoñen unha alteración na imputación municipal do gasto e o ingreso, nin un menoscabo no equilibrio financeiro do contrato, que mantén ó cen por cen a súa cobertura orzamentaria.

De conformidade coa normativa vixente e co previsto pola base 40ª das de execución orzamentaria, esta addenda ao convenio será subscrita polo Alcalde-Presidente. Previo informe de fiscalización, pola súa transcendencia económica, o texto deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da Xerencia.

2.- Proposta.

De conformidade co antedito, proponse ó Consello da Xerencia que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar o texto do convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título: *ADDENDA NÚM. 2 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXTINTA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA CONTINUIDADE NOS TRABALLOS DE REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO*”.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 20/10/2020, acordou

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO :

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, (DOG núm. 181 do 7 de setembro de 2020), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Abel Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento desta Addenda e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Con data de 20 de novembro de 2017, asinouse o convenio de colaboración entre a extinta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo para o financia-



Concello de Vigo

mento da continuidade nos traballos de Redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

II.- O día 19 de decembro de 2018 subscribiuse a addenda núm. 1 ao dito convenio, que consiste na modificación do contido da Cláusula primeira.- Obxecto; da Cláusula segunda.- Compromisos da Xunta de Galicia; da Cláusula terceira.- Compromisos do Concello de Vigo e da Cláusula cuarta.- Procedemento de xestión, para unha adecuada execución dos compromisos establecidos.

III.- Na Cláusula segunda da antedita addenda, quedou reflectido o financiamento por parte da Xunta de Galicia coas seguintes anualidades:

Anualidade	Fases de tramitación	Importe
2018	Adxudicación dos traballos de redacción do PXOM e Metodoloxía Xeral Diagnóstico socio-económico PXOM	164.560,00 €
2019	Presentación do borrador para o inicio da avaliación ambiental	205.700,00 €
2020	Aprobación Inicial e Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal	349.690,00 €
2021	Aprobación Definitiva ou Texto Refundido, no seu caso, do PXOM	308.550,00 €
TOTAL FINANCIAMENTO XUNTA DE GALICIA		1.028.500,00 €

III.- O concello de Vigo, segundo escrito do 5 de agosto de 2020, solicita a reunión da Comisión de seguimento do convenio e un novo axuste dos importes das anualidades para adaptalos a previsión do desenvolvemento dos traballos e da súa tramitación administrativa.

A comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 3 de setembro de 2020, formula unha proposta de modificación para adaptar as actuacións e os importes das anualidades.

Por todo isto, procede modificar o acordo vixente para adaptar as obrigas alí establecidas, a nova realidade.

En consecuencia,

ACORDAN

Subscribir a Addenda número 2 ao citado convenio, consistente na modificación do contido da Cláusula segunda.- Compromisos da Xunta de Galicia, para unha adecuada execución dos compromisos establecidos para cada unha das partes, quedando redactada do seguinte xeito:

1.- Contribuír ó financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de **un millón vinte e oito mil cincocentos euros (1.028.500,00 €)**, equivalente ao 50% do custo de continuación dos traballos de redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, con cargo a aplicación orzamentaria 07.04.521A 760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2020, distribuídas nas seguintes anualidades:

Anualidade	Fases de tramitación	Importe
2018	Adxudicación dos traballos de redacción do PXOM e Metodoloxía Xeral Diagnóstico socio-económico PXOM	164.560,00 €
2019	Presentación do borrador para o inicio da avaliación ambiental	Sen dotación
2020	Presentación do borrador para o inicio da avaliación ambiental	205.700,00 €
	Presentación do borrador para o inicio da avaliación ambiental, aprobación Inicial e Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal	349.690,00 €
2021	Aprobación Definitiva ou Texto Refundido, no seu caso, do PXOM	308.550,00 €
TOTAL FINANCIAMENTO XUNTA DE GALICIA		1.028.500,00 €

O cumprimento das fases indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado cinco da cláusula terceira, sendo o prazo de xustificación ata o 20 de decembro de cada anualidade.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o 50% do custo da redacción da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, unha vez que polo Concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos segundo as fases, e dentro das anualidades establecidas no presente convenio, despois da conformidade da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Os aboamentos parciais, que no seu caso se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resérvase o dereito a coñecer o estado de execución dos traballos en calquera momento, durante a realización dos mesmos.

4.- Coñecer ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao Concello de Vigo, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento ob-



Concello de Vigo

xecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3ª e seguintes do devandito artigo 27.

Eficacia da presente Addenda

En todo o non modificado pola presente Addenda seguirá en vigor o disposto no Convenio de colaboración asinado o 20 de novembro de 2017 e na Addenda número 1 do 19 de decembro de 2018.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

13(880).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez